



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de xuño de 2023 (1493/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

O concelleiro Sr. López Font auséntase no punto 11 da orde do día.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(478).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA «FUNDACIÓN MENELA» PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROXECTO DE LECER PARA PERSOAS CON TEA E APOIO ÁS SÚAS FAMILIAS” (ANOS 2023-2025). EXPTE. 251105/301.

Visto o informe xurídico do 22/05/2023 e o informe de fiscalización do 05/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/05/2023, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de

Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Marco normativo:

De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Con todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

I.2. Convenio coa Fundación Menela 2023-2025:

I.2.1. A Fundación Menela é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sofren enfermidade ou marxinação social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.



Concello de Vigo

I.2.2. Na área de persoas con discapacidade da Concellería de Política de Benestar Social estanse a levar a cabo diferentes programas e proxectos dirixidos á atención integral das persoas con discapacidades e as súas familias.

No ano 2007 iniciouse un programa de respiro familiar coa finalidade de proporcionar medios facilitadores para que as familias puidesen afrontar as situacións, moitas veces conflictivas e estresantes, que se derivan da convivencia cunha persoa con discapacidade intelectual, ofrecendo un espazo de tranquilidade e descanso ós pais/nais, irmáns ou titores; feito que repercute tamén positivamente na evolución da persoa con discapacidade intelectual. Dese programa de respiro familiar da Fundación Menela puideron beneficiarse durante os últimos anos as persoas con discapacidade da nosa cidade de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos.

I.2.3. Plántexase agora por parte da Fundación a execución do “*Proxecto de lecer para persoas con TEA e apoio ás súas familias*”, para o periodo 2023-2025. De acordo coa documentación presentada, os seus obxectivos son os seguintes:

- 1) Fomentar as relacións interpersoais, relacionándose de forma construtiva con outras persoas e participando en actividades de grupo.
- 2) Fomentar a inclusión social, promocionando oportunidades para a integración e participación en actividades na comunidade.
- 3) Axudar a potenciar as capacidades das persoas con autismo, a través de actividades lúdicas que lles resulten significativas e adecuadas ó seu nivel evolutivo e expresivo.
- 4) Contribuír ó equilibrio familiar permitindo que os pais/nais adiquen máis tempo á atención dos outros fillos/as e que dispoñan de tempo para sí mesmos e para a parella.
- 5) Apoiar ó benestar emocional, reducindo o estrés que lles provoca as situacións novas.

Entre as diversas actividades por desenvolver dentro deste Proxecto cítanse a práctica do xadrez, nas instalacións do Centro “Edificio CAMI” da Fundación Menela, na rúa Laxe, no que se ubica o “Club Menela Xadrez”, actividades relacionadas coa realidade virtual, a escalada, obradoiro sensorial, musicoterapia, rutas en bicicleta, piragüismo, obradoiro de comic, baloncesto inclusivo, surf, robótica, *Halloween* - cociña terrorífica ou tren de Nadal. As actividades realizaranse entre semana e en fins de semana, en venres e sábados, de maio a decembro do 2023.

I.2.4. Co obxectivo de garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación deses servizos de lecer ás persoas con TEA e de apoio ás súas familias, estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual (2023 – 2025), cun orzamento de 8.000€/ano.

A subvención que se propón para 2023 (8.000€) está prevista xa no orzamento de Política de Benestar Social (aplicación nº 2310.489.00.09 - “*Fundación Menela*”) e o seu réxime é o de concesión directa a teor do artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión e a motivación necesaria para utilizar o procedemento de concesión directa.

As subvencións previstas para os exercicios de 2024 e 2025 (8.000 €/ano) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos previstos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.2.5. A concesión da referida subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases núms. 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe técnico – Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política de Benestar Social) e a «Fundación Menela» (CIF G-36685964), para o desenvolvemento do “PROXECTO DE LECER PARA PERSOAS CON TEA E APOIO Á SÚAS FAMILIAS” (ANOS 2023-2025).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 24.000€, a razón de 8.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2023, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 - *Fundación Menela*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos previstos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DES-ENVOLVEMENTO DO “PROXECTO DE LECER PARA PERSOAS CON TEA E APOIO Á SÚAS FAMILIAS” – ANOS 2023-2025»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]



Concello de Vigo

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario do Padroado da Fundación Menela e Director Xeral da mesma, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da Fundación Menela, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Fundación Menela é unha organización sen ánimo de lucro, constituída formalmente en 1989, que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sofren enfermidade ou marxinación social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado. Foi declarada de interese galego e figura inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (RUEPSS) co nº E-0214 e no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 463-96.

II.- Que, a través de convenios como o presente, a Fundación Menela ven prestando servizos de distinto tipo tanto a estas persoas con discapacidade como ós seus familiares e cuidadores habituais, que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a estes servizos para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúen un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos



Concello de Vigo

que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Fundación Menela para a prestación dun servizo a persoas con discapacidade e ós seus familiares e coidadores habituais a través da execución do *“Proxecto de lecer para persoas con TEA e apoio ás súas familias”*, para o periodo 2023-2025,

Entre as diversas actividades por desenvolver dentro deste Proxecto cítanse a práctica do xadrez, nas instalacións do Centro “Edificio CAMI” da Fundación Menela, na rúa Laxe, no que se ubica o “Club Menela Xadrez”, actividades relacionadas coa realidade virtual, a escalada, obradoiro sensorial, musicoterapia, rutas en bicicleta, piragüismo, obradoiro de comic, baloncesto inclusivo, surf, robótica, *Halloween* - cociña terrorífica ou tren de Nadal.

As actividades realizaranse entre semana e en fins de semana, en venres e sábados, de maio a decembro do 2023.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social, e a Fundación Menela comprométense a colaborar activamente na execución deste Proxecto, que ten como obxectivos os seguintes:

- 1) Fomentar as relacións interpersoais, relacionándose de forma construtiva con outras persoas e participando en actividades de grupo.
- 2) Fomentar a inclusión social, promocionando oportunidades para a integración e participación en actividades na comunidade.

- 3) Axudar a potenciar as capacidades das persoas con autismo, a través de actividades lúdicas que lles resulten significativas e adecuadas ó seu nivel evolutivo e expresivo.
- 4) Contribuír ó equilibrio familiar permitindo que os pais/nais adiquen máis tempo á atención dos outros fillos/as e que dispoñan de tempo para sí mesmos e para a parella.
- 5) Apoiar ó benestar emocional, reducindo o estrés que lles provoca as situación novas.

TERCEIRA.- A Fundación Menela comprométese tamén a:

–Que en todas aquelas actividades as persoas con TEA estarán acompañadas por persoal cualificado do equipo de persoal do “Edificio CAMI”. A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Proxecto, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Proxecto, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Fundación Menela unha subvención para cada un dos exercicios de 2023, 2024 e 2025 por importe de 8.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 24.000€. O gasto de 2023 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 – *Fundación Menela*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2023, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o Proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei



Concello de Vigo

xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2023-2025).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Proxecto, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Fundación Menela e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do Proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu

prazo de vixencia será de tres (3) anos (2023 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:



Concello de Vigo

1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
2. Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
3. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
4. Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benstar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución



Concello de Vigo

dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO
A CONCELLEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,
A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL,
Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA FUNDACIÓN MENELA,
Asdo.: Cipriano Luís Jiménez Casas

2(479).- SUBVENCIÓN A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE”. EXPTE. 22827/333.

Visto o informe xurídico do 25/05/2023 e o informe de fiscalización do 07/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 05.05.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención a favor da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO en relación á organización do evento deportivo "FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE".

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou con data 05.05.2023 a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos (Contrato coa Federación Española de Baloncesto), de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 45.750,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 05.05.2023.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do



Concello de Vigo

27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de

subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de CLUB DEPORTIVO BOSCO, CIF: G36692317 pola organización do evento deportivo "FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 45.750,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 e a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, a favor da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO, CIF: G36692317 e enderezo social na rúa Ronda Don Bosco, 33, Bj (36202), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE" (Expediente 22827-333)

I.- O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo "FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE", organizado pola entidade deportiva CLUB DEPORTIVO BOSCO.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.



Concello de Vigo

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva CLUB DEPORTIVO BOSCO organizou o 29 e 30 de abril de 2023 o evento "FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE" que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

No evento participaron os catro mellores equipos da Liga Feminina Challenge, en busca da praza de ascenso á máxima categoría do baloncesto feminino a nivel nacional, a Liga Feminina Endesa. No evento disputáronse dúas semifinais, CB. Alcobendas-Celta Zorza e Recoletas Zamora-Nou Basquet Paterna.

Esta competición supón a única oportunidade de ascender á máxima categoría do baloncesto feminino nacional, atraendo durante a súa celebración, a atención dun enorme volume de siareiros dado o nivel do campionato.

O evento supón ademais unha importante campaña de difusión do deporte feminino de alto nivel, fomentando a promoción da cidade e do seu entorno natural. Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.- A entidade deportiva **CLUB DEPORTIVO BOSCO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade deportiva **CLUB DEPORTIVO BOSCO** colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organización do evento deportivo "FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE", asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantiu a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizouse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitou ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurou nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva CLUB DEPORTIVO BOSCO unha subvención por importe de 45.750,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 e a súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "FASE FINAL DA LIGA CHALLENGE". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria, no seu caso, a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 01 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con facturas e demais documentos de valor probatorio. Se poderá substituír a presentación de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 1 de novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

3(480).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE O CLUB DE CAMPO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS 2023. EXPTE. 22465/333.

Visto o informe xurídico do 02/06/2023 e o informe de fiscalización do 16/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 01/06/2023, asinado polo técnico de Deportes, xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22465/333 sobre a proposta de subvención nominativa a favor do Club de Campo de Vigo en relación á organización do evento "Torneo Internacional de Tenis 2023", e atendendo ás observacións detalladas pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Corrixíuse nos fundamentos xurídicos da proposta un erro material na *"Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións"*.
2. Engadiuse na parte expositiva da proposta o seguinte parágrafo: *"En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de*



Concello de Vigo

interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación”.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 8.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800013 a favor da entidade CLUB DE CAMPO en relación á organización do evento deportivo TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS 2023.

Esta actividade no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade de Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón

para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascende a un total de 33.800,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollido como Anexo da documentación presentada pola entidade o 27.03.2023.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB DE CAMPO DE VIGO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de



Concello de Vigo

Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410. 4800013 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A vixencia deste convenio é pola organización do evento deportivo “TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS 2023”, tendo a obriga de presentar a documentación para a súa xustificación, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023. A data prevista de celebración do evento poderá verse modificada por motivos organizativos e de forza maior xustificada, sen que se vexa afectado o clausulado do convenio así como as obrigas nas que se comprometen as partes e os aspectos formais e legais do expediente de concesión da subvención. En todo caso, non poderá superarse a data fixada para a obriga de presentar a documentación xustificativa.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21

de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB DE CAMPO DE VIGO, CIF: G36613685 pola organización do evento deportivo TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 8.000,00€, previsto na partida orzamentaria 3410.4800013, a favor da entidade CLUB DE CAMPO DE VIGO, CIF: G36613685 e enderezo social na rúa CARRETERA DE CANIDO, 103, 36331, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á aplicación 3410.4800013 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB DE CAMPO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO TORNEO DE TENIS INTERNACIONAL 2023 (EXPTE. 22465/333).



Concello de Vigo

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Alejandro Saenz Mosteiro como presidente da entidade CLUB DE CAMPO DE VIGO, CIF: G36613685 e enderezo social na rúa CARRETERA DE CANIDO, 103, 36331, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22465/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo **TORNEO DE TENIS INTERNACIONAL 2023**, organizado pola entidade deportiva **CLUB DE CAMPO DE VIGO**.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-A entidade deportiva **CLUB DE CAMPO DE VIGO** organiza o evento **TORNEO DE TENIS INTERNACIONAL 2023** que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

É un dos eventos tenísticos mais antigos dos que se celebran en España e polos que desfilaron nas diferentes épocas os mais destacados xogadores do ranking mundial e en outras, xovenes xogadores que despois do seu paso polo torneo conseguiron alcanzar altas cotas na clasificación da A.T.P.

A súa aparición no ano 1940 veu a lle dar prestixio tenístico ao mais alto nivel, a Galicia. Celebrado sen interrupcións ao longo das súas 78º primeiras edicións, pasaron grandes figuras de todas as épocas e nacionalidades, entre os que destacan campeóns e finalistas de probas de GRAND SLAM como Manuel Santana, Nicolas Pietrangeli, Martín Mulligan, Sergio Bruguera, Carlos Moya, Marat Safin, Albert Costa, Juan Carlos Ferrero, Alex Corretja e Rafa Nadal, gañador do Concurso na edición 2002.

A última edición celebrada, correspondente ao ano 2018, contou con un cuadro de 64 xogadores na prueba individual e 16 parexas en dobles. O gañador da Prueba Individual “Copa Bedriñana” foi o español Esteve Lobator e a “Copa Challenge” foi o premio para a parexa de dobres composta polos *Bolivianos Boris Arias e Federico Zeballos*

Os países representados ademais de España foron: China, , Italia, Francia, Argentina, Portugal, Alemania, , Japón, Perú, Noruega, Suiza, India, Reino Unido, Turquía, Ecuador e Bolivia.

As pistas de terra batida de Club de Campo de Vigo son escenario ano tras ano de episodios irrepetibles da historia do tenis. O club vigués foi testemuña de como os tenistas máis importantes do panorama nacional das últimas décadas competeron nas súas pista. Os máis grandes do tenis mundial, do pasado, do presente e seguramente do futuro foron protagonistas dalgunha das 78 edicións anteriores.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800013 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.000,00 €, a favor da entidade deportiva **CLUB DE CAMPO DE VIGO**

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do **TORNEO DE TENIS INTERNACIONAL 2023** da entidade **CLUB DE CAMPO DE VIGO**.



Concello de Vigo

VI.- Que a entidade **CLUB DE CAMPO DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22465/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a **CLUB DE CAMPO DE VIGO** conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade **CLUB DE CAMPO DE VIGO** comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar o **TORNEO DE TENIS INTERNACIONAL 2023**, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade **CLUB DE CAMPO DE VIGO** unha subvención por importe de 8.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800013 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca súa organización do evento deportivo **TORNEO DE TENIS INTERNACIONAL 2023**. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun

balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo **TORNEO DE TENIS INTERNACIONAL 2023.**

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.



Concello de Vigo

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electrónicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.



Concello de Vigo

4(481).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL VINCULADA Á PARTICIPACIÓN NA “FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL”. EXPTE. 22833/333.

Visto o informe xurídico do 09/06/2023 e o informe de fiscalización do 16/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 07/06/2023, asinado polo técnico de Deportes, xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22833/333 sobre a Proposta de subvención a favor da entidade Vigo Voleibol vinculada á participación na Fase Final da Superliga Masculina 2 de Voleibol, e atendendo a un erro na partida orzamentaria á que se imputa o gasto, procedeuse á modificación da aplicación no apartado 2º da parte propositiva e no apartado 2º do Anexo I de condicións e compromisos vinculados coa proposta de subvención a favor da entidade club vigo voleibol en relación á participación na “fase final da superliga masculina 2 de voleibol”, sendo a aplicación correcta a 3410.489.0000.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

INFORME PROPOSTA

Con data 17.04.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención a favor da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL en relación á participación na “FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL”.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta

deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou con data 17.04.2023 a documentación vinculada coa proposta de participación na Fase Final da Superliga masculina 2 de voleibol e acredita documentalmente ter os dereitos de participación na competición, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación debido a que se trata do acceso previo á máxima categoría do voleibol nacional.

O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 10.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 17.04.2023.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina



Concello de Vigo

que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de CLUB VIGO VOLEIBOL, CIF: G36658219 pola participación na organización do evento deportivo "FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.00 e a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, a favor da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL, CIF: G36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 6ºC (36203), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN RELACIÓN Á PARTICIPACIÓN NA "FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL" (Expediente 22833-333)

I.- O obxecto da proposta é colaborar co Club Vigo Voleibol no desenvolvemento do proxecto deportivo de participación na "FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL".

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos vinculados directamente a entidades de alto nivel da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva CLUB VIGO VOLEIBOL participou entre o 21 e o 23 de abril de 2023 no evento "FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL" que supón un



Concello de Vigo

valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

No evento participaron os seis mellores equipos da Superliga Masculina 2 de Voleibol, segunda categoría do voleibol a nivel nacional, en busca da praza de ascenso á máxima categoría do voleibol español, a Superliga Masculina. A competición disputou unha fase inicial, con dous grupos de 3 equipos, un partido polo 5º e 6º posto, dúas semifinais e unha gran final, disputándose a competición na cidade de Castellón de la Plana.

O Club Vigo Voleibol disputou os dous primeiros partidos da fase de ascenso contra os equipos de Cableworld Volei Villena e Ube L'illa de Grau, disputando a última xornada o derradeiro encontro fronte ó Intercap ASISA Tarragona.

O acceso a esta Fase Final queda definido pola clasificación na liga regular dos tres grupos nacionais, outorgando o dereito de participación unicamente ós dous primeiros clasificados de cada un dos grupos tal e como establece o regulamento de competición.

Esta competición supón a única oportunidade de ascender á máxima categoría do voleibol masculino, atraendo durante a súa celebración, a atención dun enorme volume de siareiros dado o nivel co campionato.

O evento supón ademais unha importante campaña de difusión do deporte de alto nivel, fomentando a promoción da cidade. Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a participación neste evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e ter a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, etc.

III.- A entidade deportiva **CLUB VIGO VOLEIBOL** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade deportiva **CLUB VIGO VOLEIBOL** colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Participación no evento deportivo "FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL", cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da participación no evento deportivo.

3º.-Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador no proxecto.

4º.- En todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión do proxecto deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

5º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías coa inclusión da imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

6º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

7º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva CLUB VIGO VOLEIBOL unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 e a súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co proxecto deportivo de participación na "FASE FINAL DA SUPERLIGA MASCULINA 2 DE VOLEIBOL". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á aprobación da proposta pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria, no seu caso, a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.



Concello de Vigo

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartellaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 01 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con facturas e demais documentos de valor probatorio. Se poderá substituír a presentación de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios

deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 1 de novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa



Concello de Vigo

recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

5(482).- SUBVENCIÓN MEDIANTE CONVENIO COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA A REDUCCIÓN DO PREZO-MENÚ DIARIO AOS COMENSAIS FIXOS DAS FAMILIAS USUARIAS DA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DA FOANPA NO ANO 2023. EXPTE. 60937/332.

Visto o informe de fiscalización do 08/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/05/2023, asinado polo técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS) achegou con data de **24 de maio de 2023 a través do Rexistro electrónico do Concello (Código Solicitud W913599-414 e n.º de doc. 230146166)** unha solicitude para proceder á tramitación do convenio 2023 entre o Concello de Vigo e a FOANPA, para coadxuvar ao financiamento da redución do prezo-menú diario aos comensais fixos das familias usuarias da rede de comedores escolares das ANPAs dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2023.

A esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Estatutos Foanpas.
- Tarxeta de Identificación Fiscal da Foanpa.
- Memoria económica e orzamento para a prestación do servizo de comedor escolar aos comensais fixos.
- Declaración xurada de que FOANPAS é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Declaración xurada onde a presidenta declara que ten capacidade xurídica para contratar coa Administración Pública (Concello de Vigo) e que non ten ningunha incompatibilidade para contratar segundo a Lei 30/2007 de 30 de Outubro.
- Declaración da presidenta de que FOANPAS non está incurso en ningunha prohibición para ser beneficiaria das subvencións pola Lei galega 9/2007 de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) expedido en data 27/04/2023.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 27/04/2023.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 27/04/2023.
- Declaración xurada da presidenta de que FOANPAS non ten débedas coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Facenda, Tesorería da Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Certificado da conta bancaria de FOANPAS.
- Declaración da presidenta de FOANPAS xustificando as axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas neste ano 2023.



Concello de Vigo

- Certificado de data 09/05/2023 (nº doc 230126099) do Tesoreiro Municipal, acreditativo de que a FOANPA non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.
- Certificado do Concello de Vigo co número de rexistro de FOANPAS no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificado do Secretario da Federación coa relación dos membros da Xunta Directiva aprobados en asemblea.
- O Concelleiro Delegado de Educación en data 26/05/2023 asinou a orde de inicio do expediente para tramitar o presente convenio.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio ás familias e á convivencia de Galiza.
- Decreto 132/2013, do 1 de Agosto, que regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos.
- Bases de execución do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS para a concesión directa dunha axuda económica por importe de 36.366.-€ para mellorar e complementar a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado pola inflación de prezos e crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación san e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e nomeadamente coadxuvar ao financiamento da redución do prezo-menú diario aos comensais fixos das familias usuarias da rede de comedores escolares das ANPAs dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2023.

2.- Procedemento de concesión directa: Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións, nas que con carácter excepcional se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia vén motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as ANPAs legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPAS sendo esta última a única federación de ANPAs públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade de comedor escolar e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o artigo 50 da Lei 40/2015 e o artigo 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2023, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o artigo 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

3.- Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública: A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e artigos 80.1 e 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 7/1985, dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.



Concello de Vigo

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da subscrición dun convenio de colaboración coa FOANPAS, que é a federación das ANPAS implantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias, polo que a axuda e protección económica das familias debe constituir unha prioridade para os poderes públicos.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPAS están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscibir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concréntanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar ao financiamento da redución do prezo-menú diario aos comensais fixos das familias usuarias das ANPAS de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2023.

A FOANPA ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W913599-414 en data 24/05/2023 e co nº de doc. 230146166 a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Cómpre saliantar os antecedentes satisfactorios e frutuoso dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa FOANPAS, onde ésta última vén actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das ANPAS dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da FOANPAS dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto décimo terceiro contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por iso, xunto coa conta xustificativa que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

O RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, recolle que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.

Asemade os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

4.- Normativa de aplicación: A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

5.- Contía total e crédito orzamentario: O importe do convenio de 36.366,00.-€ imputaranse con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 32604890002 – “Comedores Escolares”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria SI poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da obra subvencionada.

O expediente incorpora o informe-proposta previsto no artigo 172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que se dirixe ao órgano responsable para resolver, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

6.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan: Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro Delegado de Educación.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS).

7.- Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efec-

to, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o **05/11/2023**, o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos con cargo aos orzamentos do ano 2023.

8.- Publicidade: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS (Resolución 15/xuño/2020 publicada no BOE nº 175 o mércores 24/xuño/2020) no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación do convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto segundo o artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.

Á vista do anteriormente exposto, coa conformidade do concelleiro da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral municipal, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPAS) para o ano 2023**, que regula o desenvolvemento da subvención directa outorgada para coadjuvar ao financiamento da redución do prezo-menú diario aos comensais fixos das familias usuarias da rede de comedores escolares das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2023.



Concello de Vigo

2º.- Autorizar o gasto de **36.366 euros** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPAS (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria **3260.489.0002** (Comedores Escolares) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2023.

3º.- Facultar ao concelleiro delegado de Educación, D. Gorka Gómez Díaz, para asinar o citado convenio para o caso de ser necesario substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA A REDUCCIÓN DO PREZO-MENÚ DIARIO AOS COMENSAIS FIXOS DAS FAMILIAS USUARIAS DA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DA FOANPA PARA O ANO 2023”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte e tres

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

*Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Rúa da Nogueira nº 8, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. **60937/332**.*

E, actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para suscribir o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

I.- *Que a prestación do servizo complementario de comedor escolar que realiza a Foanpa, é un servizo esencial e imprescindible para as familias da comunidade educativa da nosa cidade, e unha potente ferramenta educativa, básica para atender ás demandas sociofamiliares, que permiten a conciliación da vida familiar e laboral e contribúe a favorecer o incremento e consolidación da matrícula nos centros de ensino.*

II.- *Que a prestación do servizo de comedor escolar na rede da Foanpa, asegura a igualdade de oportunidades facilitando o acceso fundamental a un posto escolar no ensino público regrado do seu alumnado, xa que está considerado como un servizo educativo de carácter complementario que constitúe un importante factor da súa calidade, e igualmente garante non vulnerar o dereito do alumnado e as súas familias a escoller e elixir un centro escolar público polo seu proxecto educativo.*

III.- *Que a prestación do servizo de comedor escolar nas máximas condicións de calidade, eficacia, eficiencia e seguridade para o alumnado comensal usuario, fai necesaria a implicación de todos os sectores pertencentes á comunidade educativa, e sen dúbida algúnha das familias.*

IV.- *Que un dos principios que debe inspirar o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración de toda a sociedade civil e moi particularmente das familias, coas corporacións locais e administracións educativas, para asumir un papel activo na transformación positiva do sistema educativo e acadar unha maior eficacia na xestión dos recursos destinados á educación.*

V.- *Que A actual normativa lexislativa en Galicia regula no Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOGA nº 154 do 13 de agosto de 2013), o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos, non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa. O artigo 2.1.e) da citada norma prevé que as asociacións de nais e pais do alumnado e as súas federacións poden asumir a xestión e organización dos comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.*

VI.- *Que a Foanpa a través das empresas do sector, Arume e Cálidus, está a prestar o servizo de cátering e subministro diario de comida transportada aos comedores escolares, tendo en conta variables como: A estreita vinculación con produtores locais de proximidade, o emprego de alimentos ecolóxicos, frescos e de temporada, o respecto polos stándares de sostenibilidade medioambiental que impliquen a redución da emisión de gases efecto invernadeiro e a maior eficiencia enerxética.*

VII.- *Que esta xestión do comedor escolar realízase co apoio e colaboración institucional do Concello de Vigo, mediante o convenio que anualmente ven suscribindo coa Foanpa. De feito, o convenio obxecto deste expte nº 60937-332 por importe de 36.366.- €, é unha subvención directa de interese público e social coa Foanpa para a redución do prezo-menú diario aos 1100 comensais fixos das familias usuarias da rede de comedores escolares organizados pola Federación para o ano 2023; que complementa outro convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa para o ano 2023 que como subvención nominativa se está a tramitar co nº de expte. 60872-332 por importe de 606.039,31.-€ que posibilita coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, da realización de actividades extraescolares, e sobremaneira da prestación do servizo de comedores escolares que permite que todos os aprox. 820 comensais*



Concello de Vigo

bolseiros municipais poidan ter a gratuidade total na utilización do comedor escolar na rede de Foanpas no ano 2023.

VIII.- Que O convenio que agora se quere suscribir busca paliar o efecto negativo da actual coxuntura de crise económica e enerxética provocada pola post-pandemia e a guerra de Ucraína, o elevado índice de inflación que provocou a subida xeneralizada de prezos dos alimentos, que tivo a súa repercusión negativa na capacidade de compra ou desembolso das familias usuarias do servizo de comedor escolar da rede de Foanpas; o cal sen dúbida algunha afecta á situación económica das familias con menores ao seu cargo para facer fronte a unha necesidade básica como a utilización do comedor escolar, que en moitos casos é fundamental para garantir ao alumnado comensal usuario unha alimentación saudable e equilibrada e que nalgúns casos é a única comida principal do día que de outra maneira non estaría asegurada.

IX.- Que respecto do ámbito competencial, o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA) establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

X.- Que a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio ás familias e á convivencia de Galiza, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos e cultural. Igualmente o artigo 8 desta Lei, atribúe e recoñece aos municipios competencias na execución de programas e proxectos destinados á atención da familia, polo que a axuda e protección económica das familias debe constituir unha prioridade para os poderes públicos.

XI.- Que o RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, recolle que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.

XII.- Que o Concello de Vigo como institución pública máis preto do cidadán comprométese a garantir a participación cidadá dos diversos axentes que conforman a actividade educativa, e non quere ser allea á necesidade e demanda exposta pola Foanpa, na procura de contribuir a mellorar a calidade do seu ensino público e gratuito.

A prestación do servizo de comedor escolar como necesidade vital de primeiro orde, é unha actividade de utilidade pública de especial relevancia na nosa cidade, garante dunha educación integral e complementaria en torno a unha alimentación saudable e equilibrada, clave e primordial para frear a obesidade infantil; e é un dereito das comunidades educativas, comensais usuarios/as fixos/as e familias integradas na rede de comedores escolares da Foanpa, nun intre no que motivado pola recente pandemia sanitaria, a inflación de prezos e o actual contexto de crise económica moitas familias se empobrecen.

MANIFESTAN

I.- Que a FOANPA, con fins de interese xeral e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que se rexe pola Lei 1/2002, de 22 de marzo reguladora do dereito de Asociación e o R.D. 1533/1986 do 11 de xullo, polo que se regulan as Asociacións de Pais e Nais de Alumnos, e demais normas aplicables.

A entidade está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo, co num. 389/95 e co CIF G36743946

A FOANPA, dacordo coa documentación achegada en data 24/05/2023 e remitida a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W913599-414 e número de doc 230146166), asume conforme ao establecido nos seus estatutos, entre outros, os seguintes fins:

- A) Coñecer a situación do ensino público, e divulgar no seu ámbito todas aquelas medidas e actuacións que axuden ao seu desenvolvemento.*
- B) Representar e defender ás Anpas federadas e os seus intereses, para a defensa e mellora do sistema público de ensino.*
- C) Colaborar coas autoridades educativas da Consellería de Educación, do Concello de Vigo e doutros concellos do seu ámbito, así como en calquera outra área da Administración ou entidade relacionada co eido socio educativo, participando en todos os organismos e consellos, facendo suxestións, propostas e informes nos que se recollan opinións do colectivo de pais e nais no sistema educativo, e establecendo convenios e concertos para o mellor cumprimento dos seus obxectivos.*
- D) Fomentar a creación de Consellos escolares municipais en todos os concellos do seu ámbito.*
- E) Potenciar e coordinar os esforzos e inxerencias e aspiracións de todas as anpas da federación.*
- F) Potenciar a formación de anpas en todos os centros e niveis así como a integración das mesmas na federación.*
- G) Asociarse con outras federacións a nivel autonómico, estatal e europeo, sempre que teñan os mesmos fins e natureza; ou impulsar a creación dunha confederación a nivel provincial e/ou autonómico que sendo da mesma natureza recolla os mesmos fins e obxectivos, e que garanta a participación ou eleve as propostas da Foanpa en todos os organismos de ámbito superior ao do territorio de actuación.*
- H) Promover toda clase de actividades culturais e formativas que sirvan para potenciar a formación integral dos nenos/as e dos seus pais e nais, e títos legais.*
- I) Concibir a lingua e cultura de Galicia como o xeito de sermos e estarmos os galegos no mundo e eixo vertebrador dun ensino de calidade.*
- K) Potenciar a participación de nais e pais nos consellos escolares e a colaboración franca coas equipas directivas dos centros, na procura do ensino público de alta calidade.*
- L) Informar, orientar, asesorar e acompañar ás Anpas en prol dunha intervención socieducativa baseada na convivencia armónica de cara a favorecer a integración e socialización de colectivos vulnerables (estranxeiros, alumnado con necesidades específicas de apoio educativo...)*

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia que a o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA) pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.



Concello de Vigo

*III.- Que o Concello de Vigo considera que a prestación do comedor escolar como necesidade vital de primeiro orde promovido pola **FOANPA**, é unha actividade de utilidade pública de especial relevancia na nosa cidade, garante dunha educación integral e complementaria en torno a unha alimentación saudable e equilibrada, clave e primordial para frear a obesidade infantil; e é un dereito das comunidades educativas, comensais usuarios/as fixos/as e familias integradas na rede de comedores escolares da Foanpa, nun intre no que motivado pola recente pandemia sanitaria, a inflación de prezos e o actual contexto de crise económica moitas familias se empobrecen.*

IV.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén reivindica o papel activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademáis de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.

Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primeiro axente educativo dos/das nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllense esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por iso a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) para acadar o desenvolvemento e prestación do servizo complementario de comedor escolar. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

V.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como representante, neste intre, das ANPAs dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo,

e como canalizador das propostas das ANPAs nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2023 inclúe crédito na bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3260489002 – “Comedores Escolares”, para poder conceder unha subvención directa por razóns de interese público e social, como é en concreto coadxuvar ao financiamento da redución do prezo-menú diario aos comensais fixos das familias usuarias da rede de comedores escolares da Foanpa no ano 2023

VII.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. **60937/332**.

VIII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a:

1º.- Promover e xestionar a prestación do servizo de comedor escolar e presentar a xustificación dos gastos mediante a documentación acreditativa correspondente diante da Concellaría de Educación do Concello de Vigo, para no marco do presente convenio, posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento, nos que se acredite a redución do prezo-menú diario aos comensais fixos das familias usuarias da rede de comedores escolares da Foanpa no ano 2023.

2º.- Comunicar ao Concello de Vigo - Concellaría de Educación, as datas, franxas horarias, menús, programa complementario de actividades e alumnado usuario do comedor escolar, así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a prestación do mesmo.

3º.- Adoptar as medidas de difusión e colaboración institucional do Concello de Vigo previstas na cláusula sétima.

4º.- Garantir que na prestación do servizo de comedor escolar na rede da Foanpa, as empresas de cátering especializadas e competentes para a prestación do servizo haberán de cumprir a totalidade dos requisitos establecidos no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa.

5º.- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.



Concello de Vigo

6º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo – Concellería de Educación, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- O CONCELLO DE VIGO, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á **Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA)** unha subvención por importe de 36.366,00.-€ con cargo á bolsa de vinculación da partida orzamentaria 3260489002 – “Comedores Escolares” mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola FOANPA e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da redución do prezo-menú diario aos comensais fixos das familias usuarias da rede de comedores escolares das ANPAs dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2023.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Foanpa deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPAS xestionará a concesión da subvención destinada á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, e será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A FOANPAS e ANPAs asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para a atención dos comedores escolares, deberán ter en conta a normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento da prestación do servizo de comedor escolar son de plena responsabilidade da FOANPAS, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria SI poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

As empresas de cátering especializadas e competentes para a prestación do servizo haberá de cumprir a totalidade dos requisitos establecidos no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa, así como adecuarse á lexislación ou normativas legais estatais, autonómicas ou locais que sobre o comedor escolar puidera aprobarse durante a vixencia da subvención.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da beneficiaria, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Sétimo.- No desenvolvemento da prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPA debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador .

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023, e non será prorrogable.

Décimo.- A beneficiaria deberá xustificar **no prazo máximo que remata o día 5 de novembro de 2023** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerárase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.



Concello de Vigo

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos gastos incorridos mediante a aportación da seguinte documentación:

- Solicitude de abono da subvención.*
- Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- Memoria económica que deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).*

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo Primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos meses que abranguen os periodos escolares dende xaneiro ate outubro de 2023.

Décimo Terceiro.- A realización, control, seguimento e avaliación da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo Servizo de Educación. O técnico responsable e xefatura do servizo emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

Décimo Quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo Sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo Sétimo.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións



Concello de Vigo

individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo Oitavo.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención directa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento da actividade subvencionada.

Décimo Noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexerá polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado."

6(483).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS. EXPTE. 19963/77.

Visto o informe de fiscalización do 09/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), achega solicitude para a realización do I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" remitida en data en data 17/03/2023 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (230070752), xuntando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:

- Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo publicado no BOE núm. 72 do 25 de marzo de 2019.
- Declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia, asinada polo Reitor da da

Universidade de Vigo (en virtude de Decreto 110/2022, do 9 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicado no DOG nº 117 do 20 de xuño de 2022 NIF 33277****).

- Declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado.
- Memoria do proxecto subvencionado
- Orzamento de ingresos e gastos
- Certificado da titularidade da conta bancaria.
- Autorización expresa para consulta de datos (cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social)

Polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, en virtude de autorización de consulta de datos incorporada ao expediente, se achega:

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal Tributaria, expedido en data 31/03/2023
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fronte á Seguridade Social, expedido en data 31/03/2023
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 31/03/2023
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo expedido en data 13/04/2023

II. En data 22/03/2023, a Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego asinou a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o CONCELLO DE VIGO e a UNIVERSIDADE DE VIGO para contribuír ao financiamento do I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO .

III. A petición do servizo Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 13/04/2023, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

IV.- Consta no expediente memoria xustificativa e proposta de convenio que se propón para aprobación, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/2022), co conforme da Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención directa por importe de **9.999,44 €** á UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), que se instrumentaliza a través do convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para o financiamento do "I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS" con data de celebración o día 16 de marzo de 2023 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.



Concello de Vigo

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2023, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento, en tanto que a alta taxa de desemprego xuvenil na cidade afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación das institucións universitaria e municipal para contribuír ao seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, a Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, na súa condición de reitor da Universidade de Vigo (en virtude de Decreto 110/2022, do 9 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicado no DOG nº 117 do 20 de xuño de 2022 NIF 33277****), segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas coma a UNIVERSIDADE DE VIGO no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

V. Normativa de aplicación:



Concello de Vigo

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **9.999,44 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULTADE C.E. E EMPRESAR.", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De acordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 09/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B).

Segundo.- Autorizar o gasto de **9.999,44 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULTADE C.E. E EMPRESAR.", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023 e, comprometer o mesmo a favor da UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.

Terceiro.- Facultar a Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, dona Elena Espinosa Mangana, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Cuarto: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FINANCIAMENTO DO I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" DA DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), por Resolución da Alcaldía do 6 de setembro de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, actuando en calidade de Reitor da UNIVERSIDADE DE VIGO, con CIF Q8650002B, en virtude de Decreto 110/2022, do 9 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicado no DOG nº 117 do 20 de xuño de 2022, con sede en Vigo, 36310 Campus Universitario de Vigo, no seu nome e representación.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas coma a UNIVERSIDADE DE VIGO no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- A UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que desfruta de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio, correspondéndolle a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

De acordo co establecido nos seus Estatutos, son fins da Universidade de Vigo:



Concello de Vigo

1. Crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de calidade e de excelencia.
2. Ofrecer unha educación superior de calidade que contribúa á formación integral do seu alumnado.
3. Formar para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos, técnicas e métodos científicos ou para a creación artística, de cara á inserción do estudantado no mundo laboral.
4. Contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, a súa cultura e a súa lingua.
5. Transmitir os valores superiores de convivencia, igualdade, o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas e o fomento do diálogo, da paz e do respecto á diversidade.
6. Contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na que se respecte a igualdade entre mulleres e homes.
7. Proxectar nos ámbitos nacional e internacional a súa actividade establecendo relacións con outras universidades e institucións.
8. Facilitar a formación continua e a formación permanente ao longo de toda a vida das e dos profesionais e doutros colectivos sociais que demanden ensinanza superior.
9. Promover e conservar o seu patrimonio histórico e o seu entorno cultural, urbanístico e ambiental, como expresión do seu vínculo coa sociedade.
10. Fomentar o desenvolvemento sostible, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado.
11. Configurar unha organización baseada na participación e na responsabilidade dos seus membros respecto do servizo público que debe prestar, orientada cara a cultura da calidade, do desenvolvemento persoal, da avaliación e da rendición de contas.

II.- A Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego conta cunha longa traxectoria na convocatoria de axudas á contratación, ao fomento de emprego e á formación a desempregados, cara a súa inserción laboral, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial, correspondéndolle, entre outras, ao concelleiro delegado de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, deseño e dirección das políticas activas de emprego.

A finalidade das axudas é a de apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía no Concello de Vigo, con especial atención á mocidade por tratarse dun dos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

III. En atención á competencia municipal referida e logo da solicitude achegada pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), en data 17/03/2023 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (230070752), a Tenente de alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, asinou en data 22/03/2023 a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o CONCELLO DE VIGO e a UNIVERSIDADE DE VIGO para contribuír ao financiamento do **I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS..**

IV.- Segundo reflicte a memoria remitida pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B) en data 27/03/2023 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo, o obxectivo que persigue o evento é crear un punto de encontro entre a comunidade universitaria, especialmente alumando e persoas recién tituladas, e o mundo empresarial, no que se promova a transferencia de coñecemento sobre o estado do mercado laboral como fonte de mellora da competitividade. Tamén impulsar a detección de novas oportunidades, mercados e vías de negocio ou de colaboración, ademais do achegamento do mundo empresarial e a sociedade ao alumnado.

Sinala na memoria que ante o escape dunha alta porcentaxe do noso talento universitario cara a outras zonas de España ou/e o estranxeiro, é absolutamente necesario que se produza a maior interrelación posible entre o tecido empresarial e o estudantado universitario para conseguir que o noso alumnado poida contribuír ao desenvolvemento económico da nosa periferia.

Polo exposto, solicitan o apoio do Concello de Vigo mediante o outorgamento dunha axuda para contribuír ao financiamento dos gastos de desenvolvemento do evento cunha dobre vertente: a de facilitar o emprego dos seus egresados e a de por en valor a calidade dos egresados da Universidade de Vigo no entorno nacional.

V.- En atención aos razoamentos anteriormente expostos, o Concello de Vigo xustifica a concesión deste convenio, por un importe total de **9.999,44 €** (Montaxe, rotulación e mobiliario de stands destinados a custes de xestión para o desenvolvemento da acción **I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS"** DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO), recollido nominativamente na partida 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULTADE C.E. E EMPRESAR., conforme ao establecido no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI.- O importe do convenio de **9.999,44 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULTADE C.E. E EMPRESAR.", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, para conceder unha subvención nominativa para a celebración do **I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS"** DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

V.- Que a UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes



Concello de Vigo

PACTOS

Primeiro.- A UNIVERSIDADE DE VIGO, con CIF Q8650002B comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa Concellaría de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento da empregabilidade de estudantes universitarios e egresados en desenvolvemento das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade de Vigo, derivado da organización do "I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO."

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa UNIVERSIDADE DE VIGO na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2º.- Conceder á UNIVERSIDADE DE VIGO unha subvención por importe de **9.999,44 €** con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULDADE C.E. E EMPRESAR." mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadruar ao financiamento do "I ENCONTRO UNIVERSIDADE-EMPRESA "EMPREGOINCAMPUS" DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.", de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2023.

Séptimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **30 de setembro de 2023** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía



Concello de Vigo

electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.
- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):
 - en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
 - no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
 - de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
 - as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
 - En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención

concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2023, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas



Concello de Vigo

circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal

ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E , en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, na data da sinatura dixital

7(484).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA (SADI) DIRIXIDO A MULLERES QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL. EXPTE. 10126/224.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 12/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 11/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 06.08.2020, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia á entidade "Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo", con CIF: G36657336.

O dito contrato asinouse polas partes en data 01.09.2020, polo que entrou en vigor o día 02.09.2020. A cláusula 2 do contrato establece un prezo de 360.390,32 € (incluíndo IVE) para un período de 2 anos. O prezo do contrato sen IVE, por tanto, é de 327.627,56 € a razón de 163.813,78 €/anualidade.

A cláusula 4 establece un prazo de 2 anos de contrato, e contéplanse dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas. O contrato, por tanto, finaliza o 01.09.2022.



Concello de Vigo

Co obxecto de propoñer a aprobación da segunda prórroga do contrato este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da adxudicataria que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha segunda e última prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 2 de setembro de 2023 ao 1 de setembro de 2024 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da primeira prórroga do contrato é necesario comprometer un gasto por importe total de 163.813,78 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “Sadi Kanguros” 2311 2279902 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2024, condicionado a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro na partida “Sadi Kanguros” 2311 2279902 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- Período comprendido entre o 2 de setembro 2023 ao 31 de decembro de 2023: 54.604,60 € (4 mensualidades a razón de 13.651,14 €/mes) con cargo á partida “Sadi Kanguros” 2311 2279902 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.
- Período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 ao 1 de setembro de 2024: 109.209,18 € (8 mensualidades a razón de 13.651,14 €/mes).

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de xestión do Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) dirixido a mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade social, que abrangue desde o 2 de setembro de 2023 ao 1 de setembro de 2024, ambos incluídos, coa entidade “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo”, con CIF: G36657336, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de agosto de 2020.

2º.- Aprobar o gasto de 163.813,78 € euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da segunda prórroga do contrato, desglosado do seguinte xeito: 54.604,60 € con cargo á partida “Sadi Kanguros” 2311 2279902 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 109.209,18 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2024 na partida “ Sadi Kanguros” 2311 2279902 da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(485).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9846/224.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 12/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 11/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2020, acordou adxudicar á entidade “Gabinete de Psicología Karma, S.L.P” con CIF B36847242 o procedemento aberto para a contratación do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero por un prezo total do contrato de 14.648,40 € (contrato exento de IVE).

En data 14.07.2020 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 1 de outubro de 2020 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *“.../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”.*

Co obxecto de propoñer a aprobación da terceira prórroga do contrato este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha terceira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 1 de outubro de 2023 ao 30 de setembro de 2024 (ambos incluídos).



Concello de Vigo

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 14.648,40 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2024 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 1 de outubro de 2023 ao 31 de decembro de 2023: 3.662,10 € a razón de 1.220,70 €/mes con cargo á partida "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 227 9906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 ao 30 de setembro de 2024: 10.986,30 € (1.220,70 €/mes x 9 meses) con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2024 na partida "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 227 9906 do orzamento da Concellería de Igualdade para o futuro exercicio 2024, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na devandita partida.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de xestión do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero, que abrangue desde o 1 de outubro de 2023 ao 30 de setembro de 2024, ambos incluídos, coa entidade Gabinete de Psicología Karma, S.L.P” con CIF- B36847242, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2020.

2º.- Aprobar o gasto de 14.648,40 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da terceira prórroga, desglosado do seguinte xeito: 3.662,10 € con cargo á partida "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 227 9906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 10.986,30 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2024 na partida "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 227 9906 do orzamento futuro da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(486).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS. EXPTE. 9706/335.

Visto o informe xurídico de data 02/06/2023 e o informe de fiscalización do 12/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 23 de marzo de 2023 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do **servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 22/03/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23 de marzo de 2023.
- Memoria económica, de data 27 de marzo de 2023
- Documento económico, de data 29 de marzo de 2023
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 23 de marzo de 2023
- Memoria xustificativa, de data 3 de maio de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da división do contrato en **5 lotes** (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio Colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais actualizados. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.



Concello de Vigo

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 25 de maio de 2023
- Prego de cláusulas administrativas do 25 de maio de 2023

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do **servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas**.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 23 de marzo de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2023 asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **140.360,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **116.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria **3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO”** do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2023.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 30.250,00 €, sendo o iva 5.250,00 €
- Lote 2: 18.150,00 €, sendo o iva 3.150,00 €
- Lote 3: 45.980,00 €, sendo o iva 7.980,00 €
- Lote 4: 22.990,00 €, sendo o iva 3.990,00 €
- Lote 5: 22.990,00 €, sendo o iva 3.990,00 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(487).- ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS. EXPTE. 14995/306.

Visto o informe xurídico do 09/06/2023 e o informe de fiscalización do 15/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2023, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

D^a Mónica María Álvarez Gómez, provista do DNI 36.122.584A, actuando en calidade de presidenta da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV), inscrita no Rexistro Administrativo de Asociacións co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos, presentou no Rexistro do Concello de Vigo (DOCS. Nº 230154755, 230151248, 230159105), escrito e documentación xustificativa, no que solicita a modificación do convenio co obxecto de que se incremente a achega económica desta Administración para sufragar o incremento de gastos derivados do vixente *“convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro de recollida ou refuxio de animais”*.

A presidenta da APAPV basea a súa solicitude nas excepcionais circunstancias económicas orixinadas pola conxuntura económica dos últimos anos as cales produciron un incremento xeral de prezos que se reflicten nas partidas de gastos; compra de alimentos dos animais, servizos veterinarios, gastos farmacéuticos, etc... .

O xefe do Servizo de Medio Ambiente emitiu en data 08/06/2023, memoria xustificativa sobre a modificación do convenio de colaboración.

A presidenta da APAPV presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, mostrando a súa conformidade coa modificación do convenio proposta.

O técnico de Administración xeral do Servizo de Medio Ambiente emitiu en fecha 09/06/2023, informe xurídico favorable.

Para a resolución da seguinte petición considéranse relevantes os seguintes

I.- ANTECEDENTES/FEITOS

I.1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 19 de febreiro de 2021, aprobou o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a APAPV para a recollida de animais soltos e a atención do centro de recollida ou refuxio de animais”.

I.2.- O convenio formalizouse en documento administrativo en data do 23/02/2021 e entrou en vigor o 01/03/2021, tendo vixencia ata o día 29/02/2024.



Concello de Vigo

I.3.- Dito convenio ten por finalidade a prestación dos servizos necesarios por parte da APAPV para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais – cans e gastos - abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería delegada competente.

Conforme establece a cláusula cuarta (“Dereitos da APAPV”), letra d), do vixente convenio, o Concello achega a referida asociación unha cantidade anual de 105.000 euros (cento cinco mil euros).

I.4.- A APAPV cumpriu de forma satisfactoria coas obrigas establecidas no convenio durante o período que levamos de vixencia deste.

I.5.- O Departamento de Medio Ambiente non dispón de persoal suficiente para atender a prestación do servizo polo que se fai preciso unha actuación compartida entre o Concello de Vigo e unha asociación de protección e defensa de animais que posibilita o artigo 22.2. da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (en adiante, LPBACG) e tal e como ata agora se veu prestando o servizo dunha forma satisfactoria.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

II.1. Competencia municipal na materia obxecto do convenio: xustificación.

Os artigos 2.1 e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL), en relación coa Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (en adiante, LPBACG), establece como obrigas municipais:

- *“Artigo 6. Competencias das administracións en materia de protección animal*

*1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.
(...)”.*

- *“Artigo 22. Recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados*

1. Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.

2. Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

3. Os concellos poderán recoller e acoller animais por solicitude das persoas propietarias deles, logo da xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas desta lei.

(...).”

- “Artigo 26. Colonias felinas

1. Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.”

En termos semellantes, os artigos 22, 38 e 39 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais (BOE 29/03/2023, entrada en vigor o 29/09/2023).

A Área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído, por delegación do alcalde de data 04/09/2020, a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa ós animais domésticos e salvaxes en catividade.

O Concello de Vigo é titular do centro municipal de recollida de animais abandonados situado na parcela con número 117 do Inventario Municipal, dunha superficie de 4.023,00 m², subida A Madroa, 71, A Madroa.

O Departamento de Medio Ambiente non dispón de persoal suficiente para atender a prestación do servizo polo que se fai preciso unha actuación compartida entre o Concello de Vigo e unha asociación de protección e defensa de animais que posibilita o artigo 22.2. da citada LPBACG e tal e como ata agora se veu prestando o servizo dunha forma satisfactoria.

A formalización desta clase específica de convenios conta co respaldo legal explícito na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP), a cal inclúe no Capítulo VI do seu Título Preliminar (artigos 47 a 53) unha regulación pormenorizada dos convenios, abordando a súa definición, a tipoloxía, os requisitos de validez, o contido mínimo de que deben dispoñer, a duración, a extinción e os efectos da resolución.

II.2.- Obxecto e xustificación da modificación.

A cláusula cuarta (“Dereitos da APAPV”), letra d), do vixente convenio, establece o seguinte:

“d) .O Concello achegará á Asociación Protectora de Animais e Prantas unha cantidade anual de 105.000 euros (CENTO CINCO MIL EUROS), a percibir en doce mensualidades, a razón de 8.750 euros mensuais, a partir da entrada en vigor do



Concello de Vigo

convenio. Dos 8.750 euros mensuais a percibir pola Asociación Protectora, 1.750 euros deberán ser destinados, de conformidade co Concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a aportación municipal nesa cantidade de 1.750 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das de execución do orzamento”.

Na memoria xustificativa emitida pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente en data 08 de xuño de 2023, propónse a modificación da cláusula transcrita, literalmente como segue:

“d) O Concello achegara á APAPV unha cantidade mensual, a partir da entrada en vigor da adenda de modificación do convenio, de 11.775,00 euros. Dos cales, 2.075,00 euros deberán ser destinados, de conformidade co concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a aportación municipal nesa cantidade de 2.075,00 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das de execución do orzamento”.

As razóns que xustifican a modificación do Convenio inicial recóllense na mencionada memoria xustificativa, literalmente como segue:

“(…)

Compre poñer de manifesto que a evolución da economía española veu marcada durante os últimos dous anos polo impacto da pandemia do COVID-19, sendo a inflación o principal reto para a mesma no contexto económico actual. A inflación repuntou con forza nos últimos tempos, influída pola situación xeopolítica e o seu impacto sobre os prezos da enerxía, materias primas, alcanzando, segundo fontes do Ministerio de Economía, taxas próximas ao 10% na Unión Europea.

Neste senso, e segundo se deriva dos datos oficiais do Estatuto Nacional de Estatística (INE), a variación do Índice de Prezos ó Consumo (IPC) dende marzo de 2019 -anualidade que se tomou de referencia (xunto co ano 2020) para realizar a estimación de orzamento de gastos anual do convenio- ate marzo do 2023 foi dun 14,9%.

Asemade, houbo un incremento dos custes salariais derivados da necesidade de mellorar a atención dos animais recollidos, axilización dos trámites administrativos, así como o manexo da nova aplicación informática necesaria para o control exhaustivo do rexistro das entradas e saídas dos animais, incidencias veterinarias, adopcións, que

ven esixindo o Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

De conformidade co anteriormente exposto, facendo unha comparativa das seguintes partidas de gastos correspondentes ao ano 2022 (aportadas pola APAPV e acompañadas da correspondente xustificación documental con facturas), coas correlativas incluídas na estimación de orzamento de gastos anual da memoria xustificativa emitida en data 28/01/2021, xustifícanse os seguintes incrementos no orzamento de gastos:

Partida gasto anual centro municipal de recollida de cans e gatos	Custo memoria asinada xaneiro 2021	Custo ano 2022	Incremento custo anual
Soldos e salarios	44.959,51 €	54.062,87 €	9.103,36 €
Seguridade Social entidade	10.208,81 €	17.119,82 €	6.911,01 €
Servizos de prevención laboral e epis	1.290,25 €	1.877,11 €	586,86 €
Servizos veterinarios	9.118,82 €	12.616,67 €	3.497,85 €
Compra alimentos animais	18.000, 00 €	23.783,76 €	5.783,76 €
Material farmacéutico	3.527,68 €	2.488,68 €	-1.039,00 €
Xestión de residuos	3.470,00 €	465,30 €	-3.004,70 €
Seguros RC, impostos	2.654,75 €	3.442,80 €	788,05 €
Combustible e reparación de vehículo	2.808,00 €	3.212,44 €	404,44 €
Servizos Asesoría e Bancarios	2.000,00 €	3.000,00 €	1.000,00 €
Varios	4.300,00 €	Area gatos: 1.521,52€ Mater. Limpeza: 186,12€ Librería/fotos: 421,18€ Amorti. Inmob.: 2.000,00€ Telefonía Móbil: 720,00€ Gastos diversos: 800,00€ Total varios: 5.648,82€	1.348,82 €
TOTAL	102.337,82 €	127.718,27€	25.380,45 €



Concello de Vigo

Partida Gasto Anual programa esterilización felina	Custo memoria asinada xaneiro 2021	Custo ano 2022	Incremento custo anual
Soldos e salarios programa de esterilización felina	6.830,00 €	6.985,14 €	155,14 €
Seguridade Social programa de esterilización felina	2.190,00 €	2.207,67 €	17,67 €
Servizos veterinarios	9.359,00 €	11.651,38 €	2.292,38
Materiais/varios	3.900,00 €	4.435,08 €	535,08
TOTAL	22.279,00 €	25.279,27 €	3.000,27 €

Total anual memoria xaneiro de 2021: 124.616,82 euros

Total anual custo ano 2022: 152.997,54 euroS.

Estimando un incremento do IPC para o ano 2023 do 4% e para o ano 2024 (ano de finalización do convenio) doutro 4% estímase un incremento medio anual de 6.242,30 euros.

Total anual 159.239,84 euros.

(...)"

Por outro lado, continúa dita memoria manifestando que *“É necesario resaltar que os convenios responden á idea de colaboración na consecución dun fin común. Neste senso, e en canto ó obxecto, fronte o intercambio de prestacións patrimoniais, servizos, ou cousas por prezo, característico dos contratos, nos convenios, de acordo co fin de cooperación que lle é propio, se contrapón unha obriga de comportamento, actividade ou conduta, non a un prezo certo –ao non existir causa solvendi no negocio- senón a unha compensación. É dicir, non se pode prescindir da idea de colaboración e da ausencia de prezo como peculiaridade definidora dos convenios.*

A APAPV, entidade sen ánimo de lucro, achegou documentación xustificativa relativa a gastos: nóminas, TCs traballadores, extractos de facturas de residuos, gastos farmacéuticos, servizos veterinarios, alimentos e outros correspondentes ao ano 2022, que xustifican un incremento anual de case trinta mil euros nas partidas de gasto necesario para o correcto funcionamento do centro de recollida de animais abandonados. Debendo terse en conta tamén a previsión de incremento de IPC para o presente ano 2023 e 2024 (último de vixencia do convenio).”

Finalmente, conclúese que *“analizada a documentación aportada pola APAPV e as necesidades do centro de recollida de animais abandonados, servizo público obligatorio municipal, có obxecto de dar cumprimento ás obrigas que a lexislación vixente impón a esta Administración, considerase oportuno e necesario a modificación do vixente “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro de recollida ou refuxio de*

animais” incrementando a achega municipal á APAPV nun importe mensual de 3.025,00, pagadoiros a partir do 01/07/2023, data da entrada en vigor da modificación do convenio.”

A presidenta da APAPV presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, mostrando a súa conformidade coa modificación do convenio proposta.

O incremento de gasto imputarse á partida orzamentaria 1721.227.99.04 (“Convenio Sociedade Protectora de animais”) e a súa bolsa de vinculación, minorando a partida 1721.227.99.05, dos vixentes presupostos sen que a utilización da bolsa de vinculación nin a partida minorada repercutan no normal funcionamento do servizo.

II.3.- Réxime xurídico e competencia.

II.3.1.- Con carácter xeral para todos os convenios, o apartado segundo do artigo 49.g) da LRXSP, de carácter básico, recolle a posibilidade legal de modificación dos mesmos. A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

II.3.2.- De conformidade co que vai dito, queda xustificado o interese público, conveniencia e oportunidade da modificación do convenio tendo en consideración a insuficiencia de medios humanos municipais para atender o refuxio e demais accións que ven desenvolvendo a APAPV segundo o convenio, como a correcta xestión que dita asociación ben desenvolvendo no refuxio de animais.

II.3.3.- De acordo co disposto no artigo 50 da LRXSP e na Base nº 40 das de execución dos orzamentos municipais, consta no expediente de referencia unha Memoria xustificativa asinada polo xefe do servizo de Medio Ambiente en data 8/06/2023.

II.3.4.- Segundo consta na Memoria xustificativa asinada polo xefe do servizo de Medio Ambiente en data 08/06/2023, constan incorporadas ao expediente as certificacións xustificativas de estar a APAPV ó corrente das súas obrigas coa TXSS, AEAT, Axencia Tributaria de Galicia e Tesourería municipal.

II.3.5.- O Convenio modificado deberá ser obxecto de publicación no Portal de Transparencia, en virtude do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

II.3.6.- O proxecto de modificación do convenio deberá ser obxecto de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Arts. 92Bis ap. 1.b] LRBRL, 214 TRLRFL, 48 LRXSP e Base nº 40).

II.3.7.- A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL).

III.- Proposta de acordo.

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO.- Aprobar a adenda de modificación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS, co texto que se recolle neste acordo.

SEGUNDO: Autorizar o incremento do gasto por importe de 18.150,00 euros para o ano 2023 ao sinalar como entrada en vigor da modificación do convenio o 1 de xullo de 2023, en previsión do establecido na cláusula segunda do texto da adenda do convenio; 6.050,00 euros para o ano 2024, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, informándolle que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 123 e 124 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, consonte ao disposto nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2) da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o dito recurso polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24-1) da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO.- Dar publicidade ao presente acordo mediante a súa publicación no Portal de Transparencia, nos termos sinalados na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“ADENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS ABANDONADOS (Exp. Nº 14995/306).”

R E U N I D O S

Dunha parte, D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, provista del DNI 36157543W, concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, na representación legal que ostenta do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade coas resolucións de delegación de competencias de alcaldía de data 04/09/2020, asistida pola secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

E doutra, D^a Mónica María Álvarez Gómez provista do DNI 36122584A con enderezo para efectos de notificacións nas instalacións municipais do Centro de acollida de animais de A Madroa (Candean), actuando, en calidade de presidenta, en representación da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, inscrita no Rexistro Administrativo de Asociación co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos.

M A N I F E S T A N

1. Que con data 23/02/2021 ambas partes subscribiron un Convenio de colaboración aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/02/2021.
2. Que as partes manifestan a súa satisfacción pola colaboración desenvolvida e a súa vontade de introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de incrementar a súa dotación económica.

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA: Modificación da achega económica establecida na cláusula cuarta, letra d).

Modifícase a letra d) da cláusula cuarta, que queda redactada como segue:

“d) O Concello achegara á APAPV unha cantidade mensual, a partir da entrada en vigor da adenda de modificación do convenio, de 11.775,00 euros. Dos cales, 2.075,00 euros deberán ser destinados, de conformidade co concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a apartación municipal nesa cantidade de 2.075,00 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40^a.5. das de execución do orzamento”.

SEGUNDA: Entrada en vigor da adenda.



Concello de Vigo

A presente adenda entrará en vigor o 01/07/2023.

En proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente o presente convenio de colaboración en Vigo, na data da sinatura electrónica.”

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. LÓPEZ FONT.

11(488).- REINTEGRO DE GASTOS DERIVADOS DE DEFENSA LETRADA E DE REPRESENTACIÓN. EXPTE. 1718/110.

Visto o informe de fiscalización de data 01/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 25/05/2023, asinado polo secretario xeral do Pleno e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

LXCA. Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 12.04.2023 D. Carlos López Font, concelleiro delegado de Seguridade, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada e de representación que ten satisfeito ao abogado e procurador que teñen intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1675/2020 incoadas polo Xulgado de Instrucción nº 5 de Vigo; adxunta Auto de data 05.07.2022 no que se decreta o sobreseimento provisional da causa e arquivo de actuacións, así como Dilixencia de ordenación da Letrada de Administración de Xustiza de data 22.09.2022 na que se fai constar que o Auto de data 05.07.2022 é firme.

A solicitude de reintegro se ten remitido a esta Secretaría xeral do Pleno desde a Área de Recursos Humanos o ser o solicitante un cargo electo (concelleiro).

INFORME

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1675/2020 do Xulgado de Instrucción nº 5 de Vigo que acordou o sobreseimento provisional e arquivo da causa refírense á investigación de presuntas condutas delictivas con ocasión dunha Resolu-

ción ditada en data 06.02.2019 pola cal se determinaban para o persoal adscrito o Servizo de Extinción de Incendios diversos reforzos e horarios de servizo.

Nas Dilixencias Previas incoadas o concelleiro delegado contratou a preceptiva defensa letrada e de representación procesual supoñendo iso un gasto efectivo.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, “(...) *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...)*”. En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, “(...) *Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedimentos que se sigan ante calquier orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)*”.

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a, “(...) *quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)*”.

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Procede analizar a concurrencia das esixencias mencionadas.

III. A intervención dos concelleiros delegados na tramitación, impulso e instrución dos Expedientes administrativos correspondentes a súa área de responsabilidade é unha función lexítima no cumprimento das funcións que teñen atribuídas. Obsérvase a primeira esixencia.

No Auto de instancia e respecto do delito de prevaricación indíca, “(...) non concorre por elo o requisito de arbitrariedade (...)”. Respecto de delito de prevaricación omisiva indica, “(...) no es suficiente lo alegado para criminalizar la conducta (...)”. Respecto do delito contra a seguridade e hixiene sinala, “(...) no se ha acreditado que se hubiera producido un peligro grave a la via, salud o integridad física de los funcionarios ... no resulta incardinable la conducta ... en el tipo penal (...)”. respecto do delito contra os dereitos colectivos o Auto conclúe, “(...) tampoco se ha acreditado que hubiera mediado ni engaño ni abuso de situación de necesidad (...)”. Atopámonos ante



Concello de Vigo

actuacións de “carácter lícito”; cúmprese a terceira esixencia para acordar a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación.

Resta por examinar a esixencia de que a intervención non se teña realizada con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence.

O sobreseimento provisional das actuacións penais dirixidas contra o concelleiro na xurisdicción penal, determinan, segundo temos visto, o “carácter lícito” da súa conduta, o que comporta que non pode calificarse a mesma de abusiva ou excesiva¹.

Tampouco concorre “desviación de poder” en tanto en canto a Resolución ditada non implica o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico, artigo 83.3 LXCA.

Non se ten acreditado que a conduta do concelleiro na Resolución ditada na a súa área de responsabilidade responda a obtención dun beneficio particular ou para o grupo político municipal o que pertence, no sentido de pretender ventaxa, prerrogativa ou ganancia concreta.

Concorren as esixencias previstas na sentenza do TS de data 4.02.2002.

IV. O sobreseimento “provisional” respecto de D. Carlos López Font supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrucción xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(...) O Auto de sobreseimento provisional, pola a súa propia natureza, non pode xurídicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)”, STS 6.05.1983.

V. O importe dos honorarios profesionais, segundo minutas aportadas, se eleva a 3.630,00 euros (gastos de defensa letrada, abogado) e 181,50 euros (gastos de representación, procuradora).

Existe liberdade de pacto entre cliente/abogado e entre cliente/procurador en relación os honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordos os prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

Na solicitude formulada apórtanse cartas de pago por transferencia bancaria a favor de A Y F Servicios Jurídicos, SLP (defensa letrada) por importe de 3.630,00 euros e de 181,50 euros a favor de D. José Ramón Curbera Fernández (procurador).

VI. As facturas dos letrados e do procurador expedidas contra o concelleiro delegado e o pago das mesmas documentan, en virtude do exposto, a existencia dunha débeda a favor do concelleiro D. Carlos López Font debe ser aboada polo Concello de Vigo en virtude do sinalado no artigo 75.4 da LBRL.

¹ Ver sentenza do Xulgado de Contencioso Administrativo nº 1 de Xixón de data 21.06.2016 Procedemento Abreviado 0000330/2015

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Carlos López Font, concelleiro delegado, a cantidade de 3.811,50 euros en concepto de reintegro dos importes que ten satisfeito como consecuencia dos gastos de defensa letrada e de representación nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1675/2020 incoadas polo Xulgado de Instrucción nº 5 de Vigo nas que foi investigado, coma consecuencia do exercicio do seu cargo.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo o interesado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCORPÓRASE NOVAMENTE O CONCELEIRO SR. LÓPEZ FONT.

12(489).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2023. EXPTE. 4971/330.

Visto o informe xurídico do 29/05/2023 e o informe de fiscalización do 09/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 3 de maio do 2023, a "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI)" presenta escrito de solicitude de subvención para o programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2023; por este motivo, con data 15 de maio, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 195.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A "ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

PROGRAMA “Vigo, un mar de corais”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- En total son 39 masas corais que desenvolven o seu programa ao longo do ano en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega .



Concello de Vigo

- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 195.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade ao texto de convenio proposto polo CONCELLO, con data de entrada na sede electrónica do Concello o 20 de maio do 2023

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo", para o desenvolvemento do programa "Vigo, un Mar de Bandas" a realizar durante o exercicio 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo" ACOPOVI deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi" ten como obxecto financiar a organización do programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 195.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI", CIF: G-36980928, para o financiamento do programa "Vigo, un mar de corais", organizado por esta entidade no exercicio 2023; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 "CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "Vigo, un mar de corais" no exercicio 2023".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2023

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación "**VIGO UN MAR DE CORAIS**" durante o exercicio 2023 como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.*



Concello de Vigo

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo 2023 inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, a cantidade de 195.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

De conformidade coas anteriores consideracións e dado o interese común das partes asinantes e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa "Vigo un Mar de Corais 2023", que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 195.000 €

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

PROGRAMA "Vigo, un mar de corais"

- As actuacións desenvolveranse en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- En total son 39 masas corais que desenvolven o seu programa en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega .
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da Entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12,



Concello de Vigo

xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

-Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido presentan póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento desta, que atenderá calquera accidente ou incidencia que se poida producirse en relación ao desenvolvemento do evento .

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

3. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
4. Xestionar o pagamento do importe da subvención (195.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de

difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.



Concello de Vigo

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlense dous pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento trala sinatura do presente convenio e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata esa data.
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas e pendentes. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 13 de novembro do 2023.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2022 ao 12 de novembro do 2023, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.



Concello de Vigo

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución

da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este



Concello de Vigo

non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do c

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA. - LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
de Cultura

O presidente da Entidade

Abel Fermín Losada Álvarez

-Enrique Lorenzo Vila

A Secretaria do Administración Municipal
(resolución do 01.09.2021)
Susana Gallardo Fariña



Concello de Vigo

ORZAMENTO 2023

PROPOSTA ECONÓMICA

CONCEPTO	PRESUPUESTO
ACTUACIÓNS CORAIS	167.400,00 €
Publicidade, programas e agasallos	8.600,00 €
Produción dos concertos	19.000,00 €
TOTAL PROPOSTA	195.000,00 €

ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE CORAIS 2023”**

D/Dna.....
en representación da entidade
CIF, con domicilio social en
.....
de VIGO, teléfono/s de contacto.....
correo electrónico

EXPÓN:

1. Que a agrupación coral..... realizou o concerto programado pola Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día de do 2022, en.....
2. Que a agrupación coral presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de

OBSERVACIÓNS:.....

.....

VIGO, de do 2023

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:



Concello de Vigo

13(490).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 3412/341.

Visto o informe xurídico do 12/06/2023 e o informe de fiscalización do 13/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 10 de setembro de 2020 acordou (expte 2644-341):

“ 1. “Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2020 de SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

2. Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. (B-87.222.014) o procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2.644-341) coas seguintes condicións:

- O prezo da parte variable constituída polos servizos de vixilancia de seguridade é de 1.156.682,90 euros, sendo o importe correspondente ao IVE 200.746,62 euros, cunha porcentaxe única de redución dos prezos unitarios do 9,01 %.
- O prezo da parte fixa constituída polo servizo de mantemento de instalacións de seguridade é de 104.734,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.177,07 euros.
- Propón unha bolsa de 323 horas/ano de servizos de vixilancia de seguridade, durante el período contractual, sen custo para o Concello, que se realizará en servizos en horarios distintos dos centros habituais ou en servizos que involucran reforzos nas posicións habituais derivadas das características das actividades ou de circunstancias especiais. A bolsa consistirá en:
 - a) 249 en horario laborable diúrno

b) 74 en horario festivo diúrno

- *Comprométese a implantar un plan de formación continua do persoal en materia de seguridade de 25 horas anuais (a maiores das 20 horas lectivas anuais mínimas obrigatorias esixidas pola normativa de seguridade privada) respecto ás materias previstas no apartado 7B)3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

- *Propón un incremento da dotación mínima anual para corrección de incidencias menores de mantemento correctivo nos sistemas de seguridade dos centros (antiintrusión e/ou contraincendios) de 2.060,91 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

2. Con data 2 de outubro de 2020, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014) cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 2 de outubro de 2020 (cláusula 4) .

3.- A Xunta de Goberno Local aprobou con data 2 de xuño de 2022 a primeira prórroga do contrato (expte 3218/341), polo período dun ano, é decir, dende o día 2 de outubro de 2022 ao 1 de outubro de 2023.

4. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 230144593, de data 23 de maio de 2023, o Sr. D. Carlos Pájaro Pol, con DNI 36.064.385V, en nome e representación da mercantil PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. (B-87.222.014), presta a súa conformidade á segunda prórroga do contrato, cunha duración de un ano, do 2 de outubro de 2023 ao 1 de outubro de 2024.

5. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 4 de maio, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

6. Esta xefatura informa que a empresa PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014) ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre



Concello de Vigo

que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 2 de outubro de 2020, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 2 de outubro de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciaráselo polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 22 de maio de 2023 autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga do contrato dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (expediente 2644/341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 2 de outubro de 2023 ao 1 de outubro de 2024.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **630.708,72 € (seiscentos trinta mil setecentos oito euros con setenta e dous céntimos)**, ive engadido, a favor de **PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014)**, dos que corresponden a servizos de vixilancia de seguridade: 578.341,45 €; e a servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 52.367,27 €), según o seguinte desglose de exercicios orzamentarios:

EXERCICIO 2023 (2 de outubro ao 31 de decembro): **157.677,18 €** que se financiarían con cargo ás seguintes partidas:

- 3330.227.01.01 “Servizos de seguridade dependencias: 126.800,15 € (servizos de vixilancia de seguridade: 118.670,10 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 8.130,05 €).

- 3321.227.01.00 "Contratación servizos seguridade: 30.877,03 € (servizos de vixilancia de seguridade: 25.915,26 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 4.961,77 €).

EXERCICIO 2024 (1 de xaneiro ao 1 de outubro): **473.031,54 €** que se financiarían con cargo ás seguintes partidas:

- 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias: 380.400,45 € (servizos de vixilancia de seguridade: 356.010,29 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 24.390,15 €).

- 3321.227.01.00 "Contratación servizos seguridade: 92.631,09 € (servizos de vixilancia de seguridade: 77.745,80 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 14.885,30 €).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(491).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN SONDESEU PARA O FINANCIAMENTO DO CONCERTO HOMENAXE A RODRIGO ROMANÍ. EXPTE. 4979/330.

Visto o informe xurídico do 02/06/2023 e o informe de fiscalización do 09/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 11 de maio do 2023, a "Fundación Sondeseu" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do "Concerto Homenaxe a Rodrigo Romaní"; por este motivo, o día 12 de maio do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FUNDACIÓN SONDESEU é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2006 para contribuír ao fomento, desenvolvemento, promoción e difusión da música tradicional e folk de Galicia; promover a formación musical nos distintos niveis e ámbitos do sistema educativo como vehículo de expresión artística e pedagóxica, e impulsar o desenvolvemento de investigacións e estudos etnomusicolóxicos.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

DATA DA ACTUACIÓN:

15 de xuño de 2023, ás 20:30 hrs.

LUGAR DA ACTUACIÓN:

Teatro García Barbón (Auditorio Afundación) de Vigo

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:



Concello de Vigo

120 minutos.

OBXECTO DA ACTUACIÓN:

A actuación consiste na interpretación e recreación dunha escolma de temas compostos e/ou arranxados por Rodrigo Romaní ao longo da súa ampla carreira musical

REPERTORIO MUSICAL:

1.- Mar de Vigo	8.- Suite Trastempo
2.- A Loliña de Seilán	– Alén
3.- Lila	– Camposa
4.- Invernía	9.- Torres no ar
5.- Suite Barlovento:	10.- Terra de Melide
– Alborada de Pontecaldelas	11.- Suite Cotobade
– Alalá de Padrón	12.- Falúa
– Espadelada de Penosiños	13.- Rumbas de Marcial e Barciademera
6.- Cor de aceiro	14.- Xota de Cortellas
7.- Bolboretas	15.- Melchor en Cumieira
	16.- (bis) Carmiña no Berbés

Na interpretación do repertorio participarán 63 músicos, distribuídos por seccións: 6 arpas célticas, 14 voces, 3 contrabaixos, 10 zanfonas, 6 requintas, 4 percursionistas, 8 violíns, 4 buzuquis e 6 gaitas.

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 8.727,36 € (oito mil setecentos vinte e sete euros con trinta e seis céntimos), e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de aceptación do texto do convenio, presentado na sede electrónica do Concello de Vigo o día 23 de maio do 2023

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a FUNDACIÓN SONDESEU , para o financiamento do “Concerto Homenaxe a Rodrigo Romani” , rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención a FUNDACIÓN SONDESEU deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a “Fundación Sondeseu” ten como obxecto financiar o “Concerto Homenaxe a Rodrigo Romani”, figurando na aplicación 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a FUNDACIÓN SONDESEU é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN



Concello de Vigo

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 8.000 € (oito mil euros) á Fundación Sondeseu, CIF. G36968741, para o financiamento do “Concerto Homenaxe a Rodrigo Romaní”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 “FUNDACIÓN SONDESEU, ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Fundación Sondeseu” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Concerto Homenaxe a Rodrigo Romaní”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SONDESEU, PARA O FINANCIAMENTO DO CONCERTO HOMENAXE A RODRIGO ROMANÍ

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante **CONCELLERÍA**), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. Xaquín Xesteira Losada, na súa condición de presidente da **FUNDACIÓN SONDESEU** (CIF: G36968741) (en adiante a **ASOCIACIÓN**), con enderezo social na rúa Vázquez Varela núm. 1, portal E, CP 36204 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACIÓN SONDESEU** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2006 para contribuír ao fomento, desenvolvemento, promoción e difusión da música tradicional e folk de Galicia; promover a formación musical nos distintos niveis e ámbitos do sistema educativo como vehículo de expresión artística e pedagóxica, e impulsar o desenvolvemento de investigacións e estudos etnomusicolóxicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FUNDACIÓN SONDESEU** concretamente no **CONCERTO DE HOMENAXE A RODRIGO ROMANÍ**, como medio que é de promover e dinamizar a música tradicional galega na cidade.*



Concello de Vigo

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo inclúe a aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, como subvención nominativa, a favor de CONVENIO FUNDACIÓN SONDESEU, PROGRAMA DE CONCERTOS coa cantidade de 8.000 euros.

*IV.- Que a **FUNDACIÓN SONDESEU** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas ditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes , e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o **CONCERTO HOMENAXE A RODRIGO ROMANÍ**, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 8.727,36 € (oito mil setecentos vinte e sete euros con trinta e seis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 euros
- Achega da entidade: 727,36 euros

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

DATA DA ACTUACIÓN:

15 de xuño de 2023, ás 20:30 hrs.

LUGAR DA ACTUACIÓN:

Teatro García Barbón (Auditorio Afundación) de Vigo

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:

120 minutos.

OBXECTO DA ACTUACIÓN:

A actuación consiste na interpretación e recreación dunha escolma de temas compostos e/ou arranxados por Rodrigo Romaní ao longo da súa ampla carreira musical

REPERTORIO MUSICAL:

1.- Mar de Vigo	8.- Suite Trastempo
2.- A Loliña de Seilán	– Alén
3.- Lila	– Camposa
4.- Invernía	9.- Torres no ar
5.- Suite Barlovento:	10.- Terra de Melide
– Alborada de Pontecaldelas	11.- Suite Cotobade
– Alalá de Padrón	12.- Falúa
– Espadelada de Penosíños	13.- Rumbas de Marcial e Barciademera
6.- Cor de aceiro	14.- Xota de Cortellas
7.- Bolboretas	15.- Melchor en Cumieira
	16.- (bis) Carmiña no Berbés

Na interpretación do repertorio participarán 63 músicos, distribuídos por seccións: 6 arpas célticas, 14 voces, 3 contrabaixos, 10 zanfonas, 6 requintas, 4 percursionistas, 8 violíns, 4 buzuquis e 6 gaitas.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xaquín Xesteira Losada, presidente da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación,



Concello de Vigo

material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

5. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

6. Xestionar o pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.



Concello de Vigo

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da fi-

nalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 6. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 7. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 8. Memoria de prensa.
 9. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 10. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na



Concello de Vigo

xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a

CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.



Concello de Vigo

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

/me

O concelleiro-delegado da Área
de Cultura

Abel Fermín Losada Álvarez

O presidente

Xaquín Xesteira Losada

A Secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo
Susana Gallardo Fariña

ORZAMENTO 2023

CONCERTO-HOMENAXE A RODRIGO ROMANÍ

ORZAMENTO DE GASTOS*

CONCEPTO	TOTAL
Aluguer do recinto para concerto (Teatro A Fundación)	2.200,00
Servizo e equipo de produción audiovisual	600,00
Persoal. Músicos Orquestra	3.850,00
Deseño gráfico	200,00
Impresión cartaces e programas de man	330,00
Catering	800,00
Transportes	150,00
Road Manager	300,00
Persoal de carga e descarga	137,36
Xestión de altas/baixas	160,00
TOTAL GASTOS:	8.727,36 €

ORZAMENTO DE INGRESOS*

Subvención Concello de Vigo	8.000,00
Achega da entidade	727,36
TOTAL INGRESOS:	8.727,36 €

(*) IVE non incluído

15(492).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2022-2023. EXPTE. 4935/330.

Visto o informe xurídico do 26/05/2023 e o informe de fiscalización do 08/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 12 de abril do 2023, a “Asociación Orquestra Vigo 430” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2022-2023; por este motivo, con data 14 de abril, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 150.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Temporada 2022/23 «Múltiples resonancias»

Novembro 18 – Pazo da Oliva (Vigo) 20:00 h. «Arcos e espadas»

O violinista e historiador Cibrán Pérez convídanos a un turbulento percorrido polos séculos XVII e XVIII: Liortas, duelos e batallas enfiados con pezas escollidas .

Bach, Händel ou Corelli.

Miguel Alonso: narrador

Amarilis Donas: viola dá gamba

Orquestra barroca Vigo 430

Decembro 23 - Auditorio Mar de Vigo 20:00 h. «Música e videoxogos: unha odisea sinfónica»

Os máis inesquencibles temas da historia dúas videoxogos combinados cunha partida en directo para «gamer» e orquestra.

Un programa de Erea Carbajales e Brais González.

Gamer «León Picarón».

Isabel Rubio (directora)

Orquestra Sinfónica Vigo 430



Concello de Vigo

Xaneiro 28 - Auditorio Martín Códax 20:00 h. «Múltiples resonancias»

Un discurso sonoro e visual que profunda na tímbrica da música de nova creación e minimalista, con obras de Koh, Gaspar, Zeller, Cernowin, Glass, Adams, Reich e Andriessen.
Múltiplenseble & Ensemble Vigo 430

Febreiro 25 - Auditorio Martín Códax 20:00 h.

Mozart: concerto no5
Boulogne: concerto no 10
Haydn: sinfonía no 49
Jonian Ilias Kadesha (Violín solista e director)
Orquestra Sinfónica Vigo 430

Marzo 5 – Auditorio Martín Códax 19:00 h.

Haydn: Concerto no 2 para cello
Mozart: concerto no1 para violín
C. Ph. E. Bach: sinfonía no 36
Sergey Malov (violín, violoncelo da spalla e director)
Orquestra Barroca Vigo 430

Abril 22 - Auditorio Martín Códax 20:00 h.

Chausson: Concerto para piano, violín e cuarteto de cordas
Puccini: Cuarteto en re maior,
Szymanowski: Sonata para violín e piano Maya Levy (violín)
Ensemble Vigo 430

Maio 26 - Auditorio Municipal 20:00 h.

Strauss: Concerto para oboe
Shostakovich: Sinfonía no 9
Eiras: Quaderno dei state (Estrea absoluta)
Iria Folgado (oboe)
Vicent Alberola (director)
Orquestra Sinfónica Vigo 430

Outubro 14 – Auditorio Martín Códax 20:00 h

Quinteto con piano op.34
Quinteto de cuerda op.88 no1 de Brahms
Ensemble Vigo 430

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 155.500 € (cento cincuenta e cinco mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 5.500 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 10 de maio do 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2022-2023, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Orquestra Vigo 430” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar previsto nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.



Concello de Vigo

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da temporada 2022-2023, figurando na aplicación **3340.489.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 150.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 150.000 € (cento cincuenta mil euros) á “Asociación Orquestra Vigo 430”, CIF. G27743475, para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2022-2023 organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2022-2023.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430”, PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2022-2023

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, titular do DNI 36.087.498-S, na súa condición de presidente da “Asociación Orquestra Vigo 430” (CIF: G-27743475) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Fragoso núm. 31, 9º B, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da



Concello de Vigo

“CONVENIO ORQUESTRA 430, PROGRAMA DE CONCERTOS”, a cantidade de 150.000 euros.

IV.- Que a **“ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430”** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2022-2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 155.500 € (cento cincuenta e cinco mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 5.500 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Temporada 2022/23 «Múltiples resonancias»

Novembro 18 – Pazo da Oliva (Vigo) 20:00 h. «Arcos e espadas»

O violinista e historiador Cibrán Pérez convídanos a un turbulento percorrido polos séculos XVII e XVIII: Liortas, duelos e batallas enfiados con pezas escollidas .
Bach, Händel ou Corelli.
Miguel Alonso: narrador
Amarilis Donas: viola dá gamba
Orquestra barroca Vigo 430

Decembro 23 - Auditorio Mar de Vigo 20:00 h. «Música e videoxogos: unha odisea sinfónica»

Os máis inesquecibles temas da historia dúas videoxogos combinados cunha partida en directo para «gamer» e orquestra.

Un programa de Erea Carbajales e Brais González.
Gamer «León Picarón».
Isabel Rubio (directora)
Orquestra Sinfónica Vigo 430

Xaneiro 28 - Auditorio Martín Códax 20:00 h. «Múltiples resonancias»

Un discurso sonoro e visual que profunda na tímbrica da música de nova creación e minimalista, con obras de Koh, Gaspar, Zeller, Cernowin, Glass, Adams, Reich e Andriessen.
Múltiplensemble & Ensemble Vigo 430

Febreiro 25 - Auditorio Martín Códax 20:00 h.

Mozart: concerto no5
Boulogne: concerto no 10
Haydn: sinfonía no 49
Jonian Ilias Kadesha (Violín solista e director)
Orquestra Sinfónica Vigo 430

Marzo 5 – Auditorio Martín Códax 19:00 h.

Haydn: Concerto no 2 para cello
Mozart: concerto no1 para violín
C. Ph. E. Bach: sinfonía no 36
Sergey Malov (violín, violoncelo da spalla e director)
Orquestra Barroca Vigo 430

Abril 22 - Auditorio Martín Códax 20:00 h.

Chausson: Concerto para piano, violín e cuarteto de cordas
Puccini: Cuarteto en re maior,
Szymanowski: Sonata para violín e piano Maya Levy (violín)
Ensemble Vigo 430

Maiο 26 - Auditorio Municipal 20:00 h.

Strauss: Concerto para oboe



Concello de Vigo

Shostakovich: Sinfonía no 9
Eiras: Quaderno dei state (Estrea absoluta)
Iria Folgado (oboe)
Vicent Alberola (director)
Orquestra Sinfónica Vigo 430

Outubro 14 – Auditorio Martín Códax 20:00 h

Quinteto con piano op.34
Quinteto de cuerda op.88 no1 de Brahms
Ensemble Vigo 430

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. María Alonso.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou

substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

7. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
8. Xestionar o pagamento do importe da subvención (150.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



Concello de Vigo

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao

galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.



Concello de Vigo

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 11. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 12. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 13. Memoria de prensa.
 14. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 15. Reportaxe fotográfica.
 16. Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 e 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución



Concello de Vigo

da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 do Réximen xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Os convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime do tódolos asinantes

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e as demais partes asinantes.

Si trascurrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados si así se previra.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



Concello de Vigo

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
Cultura

Abel Fermín Losada Álvarez

A secretaria da Administración Municipal
(res. del. 01.09.2021)

Susana Gallardo Fariña

O presidente da Entidade

Francisco Javier Escobar Vidal

ORZAMENTO 2023



CONCELLO DE VIGO 2023

PRESUPUESTO TEMPADA 2023	TEMPADA 2023								Cierre Subvención		Cuentas Socias + Taquilla	Subvención Concello
	NOVIEMBRE 22	DECEMBRO 22	XANEIRO 23	FEBREIRO 23	MARZO 23	ABRIL 23	MAIO 23	OUTUBRO 2024	09 - Novembro			
Solista	CI ROI CIBRAN	C3 VIDEOMOSIOS	C4 CAMABA	C5 JONIAN ILLAS KADESHA	C6 SERGEI MALOV	C7 CAMARIA	C8 IRIA E ALBEROLA	CI-2024 CANARIA	CI-2024 CANARIA	Xerais Tempada 2022		
Director/a	Miguel Alonso Egrima	Leon Picaron Arreglos Brais	Multiples Resonancias Múltiple Essencial	Jonian Illas Kadesha	Sergel Malov	Marya Levy	Vicente Alberola			CUARTETO		
Lugar de Concerto	Pazo Oliva	Mar de Vigo	Martin Codax	Martin Codax	Martin Codax	Martin Codax	Auditorio Municipal					
Data	19/11/2022	17/12/2022	28/01/2023	25/02/2023	04-05/03/2023		26-27/05/2023			A determinar		
MÚSICOS POR CONCERTO	8	48	4	15	18	6	45					

Gastos Personal	Novembro 2022	Decembro 2022	Xaneiro 2023	Febreiro 2023	Marzo 2023	Abril 2023	Maio 2023	Xullo 23	Setembro	Outubro	Xerais - Cierre Subvención 9 Noviembre	SUMATORIO PARTIDA GASTO	TOTAL INGRESOS
	Administración	7.949,44 €	25.265,03 €	9.570,89 €	3.524,11 €	23.906,89 €	10.336,00 €	34.106,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	0,00 €	26.235,50 €
Producción		2.549,19 €	2.549,19 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.640,89 €	2.549,18 €	129.274,30 €
Músicos concerto	2.119,23 €	14.935,53 €	3.605,00 €		10.700,00 €	2.400,00 €	18.000,00 €			2.000,00 €		53.759,76 €	72.965,56 €
NOMINAS+FRAS Conv.PL + Bolsas Comercios PR	1.719,23 €	11.879,94 €	0,00 €										
Gastos viaxe músicos + PCR, Necesid Covid Alcanceamento Músicos	0,00 €	956,70 €	0,00 €	310,41 €	2.200,00 €	889,11 €	3.600,00 €			200,00 €		8.356,26 €	64.609,30 €
Solistas + Directores	1.295,66 €	3.088,82 €	3.025,00 €		4.000,00 €	1.800,00 €	4.000,00 €			0,00 €		18.109,48 €	41.113,22 €
Gastos viaxe + por solistas + directores Hoteles directores e solistas	0,00 €	50,87 €	0,00 €	174,37 €	900,00 €	900,00 €	1.000,00 €			0,00 €		3.223,64 €	37.889,58 €
aux. Producción por concerto	144,01 €	305,18 €	0,00 €		900,00 €	900,00 €	1.000,00 €			0,00 €		3.249,19 €	94.640,39 €
aux. Producción por concerto	CONTROL		0,00 €		266,00 €	266,00 €	266,00 €			266,00 €		1.064,00 €	33.576,39 €
aux. Producción por concerto	PIFAS	566,76 €	577,55 €	300,00 €		600,00 €	200,00 €	900,00 €		100,00 €		3.244,31 €	30.332,08 €

Gastos explotación	Novembro 2022	Decembro 2022	Xaneiro 2023	Febreiro 2023	Marzo 2023	Abril 2023	Maio 2023	Xullo 23	Setembro	Outubro	Xerais - Cierre Subvención 9	SUMATORIO PARTIDA GASTO	
	Alquiler instrumentos e material	5.972,11 €	3.716,06 €	1.568,88 €	499,51 €	2.954,68 €	2.165,68 €	4.054,68 €	287,76 €	587,76 €	587,76 €	7.937,20 €	30.332,08 €
Alquiler salas e adaptación normas covid	644,50 €	586,70 €	0,00 €		200,00 €	500,00 €	1.300,00 €					3.231,20 €	27.100,88 €
Transporte instrum e persoal Furgó + Gasoil	3.025,00 €	0,00 €	294,17 €		294,17 €	294,17 €	294,17 €					4.201,68 €	22.899,20 €
Viaxes Auditorios concerto Bus +taxi	500,00 €	38,50 €	300,00 €	0,00 €	300,00 €	300,00 €	300,00 €					1.738,50 €	21.160,70 €
Partituras e escancas	13,55 €	200,00 €	200,00 €		200,00 €	200,00 €	200,00 €					1.013,55 €	20.147,15 €
Impresión cartelería - Rollup	25,35 €	0,00 €	100,00 €		100,00 €	100,00 €	100,00 €					400,00 €	19.747,15 €
Historia De: Dec 2022 A Xullo 2023		110,75 €									250,00 €	386,10 €	19.361,05 €
Notas ao programa											2.500,00 €	2.500,00 €	16.861,05 €
Publicidade e Comunicación Dinopixel + outros	114,95 €	1.131,35 €	114,95 €	211,75 €	211,75 €	211,75 €	211,75 €			300,00 €	300,00 €	387,20 €	13.465,60 €
Cartelería Diseño + P. Man David												3.000,00 €	10.465,60 €
Repertorio fotográfico E. Irigoien	272,00 €	272,00 €	272,00 €		272,00 €	272,00 €	272,00 €					1.632,00 €	9.033,60 €
Video concerto - Streaming Tolomas	1.089,00 €	1.089,00 €	0,00 €		1.089,00 €	0,00 €	1.089,00 €					4.356,00 €	4.677,60 €
Alquiler Local	287,76 €	287,76 €	287,76 €	287,76 €	287,76 €	287,76 €	287,76 €	287,76 €	287,76 €	287,76 €		2.877,60 €	1.800,00 €
web Simbólico												0,00 €	1.800,00 €
libro de oro, flores, detalles, etc												0,00 €	1.800,00 €
SGAE e fra. AEDS											1.000,00 €	1.000,00 €	800,00 €
Seguro RC + seg. Local											500,00 €	500,00 €	300,00 €
Plan RRLL											300,00 €	300,00 €	0,00 €
Totales por concerto	13.921,55 €	28.983,09 €	11.130,77 €	4.023,62 €	26.861,57 €	12.521,68 €	38.163,57 €	2.928,65 €	3.228,65 €	5.794,65 €	7.937,20 €	155.500,00 €	-155.500,00 €
Acumulado por concerto		42.907,64 €	54.042,41 €	58.066,03 €	84.927,60 €	97.449,28 €	135.610,85 €	138.539,50 €	141.768,15 €	147.562,80 €	155.500,00 €		

16(493).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE SINSALAUDIO S.L PARA O DESENVOLVEMENTO DO “FESTIVAL SINSAL PRIMAVEIRA 2023”. EXPTE. 4985/330.

Visto o informe xurídico do 29/05/2023 e o informe de fiscalización do 14/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 18 de maio do 2023, a entidade "Sinsalaudio S.L." presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do “Festival Sinsal Primaveira 2023”; por este motivo, con data 19 de maio do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 do orzamento municipal vixente.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES.-

A entidade **SINSALAUDIO S.L.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O evento desenvolveuse o 19 e 20 de maio do 2023 no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo e na Sala Radar.

Programación:

ANGÉLICA SALVI (España) | MARCO. Venres 19, 20:30 horas

ECE CANLI (Turquía) | MARCO. Venres 19, 21:30 horas

SIPHO (Reino Unido | Sala Radar. Venres, 22:45 horas.

SUPERORGANISMUS (Suíza) | MARCO. Sábado 20, 20:30 horas

IVANKOVÀ (España) | MARCO. Sábado 20, 21:30 horas

ANA LUA CAIANO (Portugal) | Sala Radar. Sábado, 23:00 horas.

SINSAL PRIMAVERA 2023 | Experimentación, vangarda, creación

O 19 e o 20 de maio no MARCO de Vigo e Sala Radar.

Seis artistas e grupos de mulleres procedentes de España, Portugal, Turquía e Suíza.

A memoria económica que se achega, presentada pola EMPRESA, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 9.700 € (nove mil setecentos euros) , financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 €
- Instituto Camoens (patrocinio privado) : 600 €
- Venda de entradas: 2.100€

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L.", para o desenvolvemento do Festival Sinsal Primaveira 2023, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Sinsal Audio S.L." deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L." ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Festival Sinsal Primaveira 2022, figurando na aplicación **3340.470.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L." é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-



Concello de Vigo

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á entidade "Sinsal Audio S.L.", CIF. B36898369, para o financiamento do "Festival Sinsal Primavera 2023", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 "SINSAL AUDIO.FESTIVAL SINSAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexen a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

–E de responsabilidade da Entidade :

–A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,

–A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Luis Campos Alonso, administrador da entidade

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos a entidade interesada contratou unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes** ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula



Concello de Vigo

o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 17. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 18. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 19. Memoria de prensa.
 20. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 21. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- **So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmete a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)**

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto,

quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do



Concello de Vigo

beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(494).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA O NOVO PARQUE DO BOMBEIROS EN ESTURÁNS. EXPTE. 6839/213.

Visto o informe xurídico do 24/05/2023 e o informe de fiscalización do 06/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 16 de febreiro de 2023 a concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de mobiliario e equipamento para o novo parque de Esturáns para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 16 de febreiro de 2023 e a concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de 16 de febreiro de 2023.

Memoria económica do contrato de data 16 de febreiro de 2023 e 13 de abril de 2023, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e concelleiro delegado-concelleiro de Orzamentos e Facenda Jaime Aneiros Pereira.

Certificado de crédito de data 17 de febreiro de 2023.

Dilixencia do Servizo de Contratación de data 1 de marzo de 2023.

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 16 de febreiro de 2023 e co rrexido o 13 de abril de 2023, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria xustificativa do contrato de data 21 de febreiro de 2023 e corrixido o 14 de abril de 2023, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

Informe do Servizo de Contratación de 26 de abril de 2023 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de mobiliario e equipamento para o novo parque de Esturáns para o Servizo de Bombeiros, asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data de 26 de abril de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mediante resolución de 8 de setembro de 2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.



Concello de Vigo

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adjudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de mobiliario e equipamento para o novo parque de Esturáns para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 13 de abril de 2023.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 26 de abril de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 99.601,15 euros, do que 17.286,15€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606250009 un importe de 49.809,65€ para o lote 1, “ Mobiliario novo paque” . E lote 2, un importe de 49.791,50€ que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290001 “ Equipamento novo parque” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(495).- APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144”. EXPTE. 1425/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 13 de outubro de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castañón emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144**” informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 14 de outubro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144**”.

IV.- Con data 7 de xuño de 2023, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación antes de IVE de CENTO CINCUENTA MIL SETECENTOS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (150.700,38 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 17/05/2023.

V.- Con data 29 de maio de 2023 a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
----------	-------------	------------



Concello de Vigo

Redacción de proxecto	ESINPRO	2.532,78 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	2.532,78 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Carballeira Martín (CIES ATLANTICO)	633,19 €
	SUMA	5.698,75 €
	11% Gastos de Xestión	626,86 €
	TOTAL (IVE excluído)	6.325,61 €

VI.- A Enxeñeira Industrial, D^a Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, D^a María Francisca Arlandis Marra, con data 8 de xuño de 2023 emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con data 8 de xuño de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación antes de IVE de CENTO CINCUENTA MIL SETECENTOS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (150.700,38 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 17/05/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144**”, por un importe de 6.325,61 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	2.532,78 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	2.532,78 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Carballeira Martín (CIES ATLANTICO)	633,19 €
	SUMA	5.698,75 €
	11% Gastos de Xestión	626,86 €
	TOTAL (IVE excluído)	6.325,61 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a Dª Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira Industrial Municipal e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo



Concello de Vigo

dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(496).- APROBACIÓN DEFINITIVA DE CONVENIOS URBANÍSTICOS ASINADOS PARA A OBTENCIÓN, POR CESIÓN GRATUÍTA, DOS TERREOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO - A GARRIDA, TRAMO EGREXIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). EXPTE. 408/441.

Dáse conta do informe xurídico-proposta de data 06/02/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1º.- O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o 30 de decembro de 2016 un convenio de colaboración para acometer a ampliación da estrada e Porto, identificada como EP-2001 Calvario-A Garrida, no tramo comprendido entre a edificación sinalada co número 77 da mesma e o regato de Quintián, na parroquia de Beade, e dotala de beirarrúas, así como de servizos urbanos soterrados, co fin de que a dita vía, no indicado tramo, dado o seu funcionamento como rúa urbana, adquira as características propias das mesmas e pase á titularidade municipal. A estrada pasou a titularidade municipal por Decreto 22/2017, de 16 de febreiro, da Presidencia da Xunta de Galicia.

2º.- A Asociación de Veciños de Beade, unha vez coñecida a sinatura do convenio arriba referido entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a ampliación da estrada de Porto no indicado tramo, ofreceu á Administración municipal a súa colaboración para xestionar cos veciños da parroquia, propietarios dos terreos afectados pola ampliación da vía, a obtención gratuíta destes terreos.

3º.- Froito das xestións da dita Asociación, os veciños que figuran relacionados no acordo da Xunta de Goberno Local, de día 19 de xullo de 2018, ofreceron ao Concello a cesión gratuíta dos seus terreos afectados pola ampliación do vial, coas condicións que no acordo se recollen; e con data 31 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de “Humanización da estrada provincial EP-2001 Calvario A Garrida, tramo igrexa de Beade-A Garrida (PO 330), lugar de Porto” que se seguiu co núm. 3560/443 de expediente administrativo.

4º.- Tralos ditos acordo da Xunta de Goberno Local, iniciouse a á negociación e sinatura coa meirande parte dos propietarios afectados dos correspondentes convenios urbanísticos de cesión dos devanditos, os cales tras a súa exposición ao público foron ratificados pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 10 de agosto de 2020, e asinados definitivamente polos propietarios cedentes.

5º.- A virtude dos convenios, o Concello de Vigo asume a responsabilidade de execución ao seu cargo de todas as obras que precise acometer no terreo que se cede; obras que inclúen, para a adecuada defensa da estrada, o acondicionamento necesario para o peche da parcela no fronte colindante coa nova rúa. As cesións teñen o carácter de anticipadas, polo que a superficie cedida xerará baixo a vixencia do planeamento xeral, de 29 de abril de 1993, e plans de desenvolvemento do mesmo, en cuxo ámbito se empraza a parcela en matriz, así como nos que os substitúan, os dereitos edificatorios que corresponderían á porción de terreo cedida, de acordo co planeamento e a norma urbanística de aplicación no momento da xestión ou execución do dito planeamento ou no momento da edificación. Finalmente, estipúlase que os gastos e tributos derivados da cesión, así como os da súa formalización e inscrición dos terreos cedidos serán por conta e cargo do Concello de Vigo.

6º.- No expediente consta, ademais dos convenios asinados, cos planos nos que se reflicte a parcela matriz e a porción que se cede, informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos, xefe do Servizo de Vías e Obras, no que fai constar que as obras de contención e peche que se executan nos lindeiros coas parcelas matrices, das que se segregan as porcións que se ceden para a ampliación da estrada de Porto, resultan de necesaria realización xa pola adecuada execución, delimitación e defensa da estrada, xa por tratarse de peches existentes afectados pola cesión que se derriban para a ampliación da estrada e se volven a construír no linde desta. Así as cousas, á vista deste informe e como queira que os convenios de referencia pactan unha cesión gratuíta a favor da Administración municipal, inexixible por esta no momento actual e para cuxa obtención habería de acudirse á expropiación, o Concello de Vigo non experimenta prexuízo algún como consecuencia dos mesmos.

7º.- O Concello, tras a ratificación dos convenios de cesión gratuíta que van referidos e a súa posterior sinatura polos cedentes, seguiu negociando cos demais propietarios afectados polas obras de humanización, a consecuencia da cal se asinaron os convenios que seguen:

ASINANTE/S	DATA SINATURA CONVENIO	PARCELA
Dona Osinda Alonso Costas, representada por don José Antonio Correa Alonso	27/10/2022	1B
Don Manuel Pérez Estévez e dona María Alba Alonso Novoa	26/10/2022	1A
Dona Yasmín Fernández Villar	22/03/2022	103
Don Guillermo Pérez Alonso	24/02/2022	61D e 63A
Don Aurelio Costas Prado e dona Marivel Bastos Figueroa	24/02/2022	89C
Doña Juana Abalde Bastos	22/04/2021	20
Don Ángel Costas Otero	22/04/2021	51



Concello de Vigo

Don Benito Costas Comesaña	22/04/2021	82A
Don José Antonio Costas Comesaña	22/04/2021	100

8º.- Por outra parte, os propietarios de parcelas colindantes coa estrada de Porto, non afectados en principio pola execución do proxecto de obras de humanización da estrada de referencia, ofreceron tamén a cesión de terreos da súa propiedade para a mellora da estrada; ofrecementos de cesión que a dirección facultativa da obra estimou que melloraban a funcionalidade da mesma, o que, xunto coas outras causas que se especifican no acordo da xunta de Goberno Local, de 6 de outubro de 2022, deu lugar a aprobación neste mesmo acordo, do proxecto modificado núm. 1 das obras de «Humanización da estrada Provincial EP-2001-Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto. Expte. 108/441, no que se inclúen as ditas parcelas

Os convenios relativos a estes terreos ofrecidos para a humanización da estrada de Porto, que se incluíron no modificado de referencia, son os que seguen:

ASINANTE/S	DATA SINATURA CONVENIO	PARCELA
Dona Sergia, don Emilio, don Celso e dona María Esther Abalde Bastos	10/05/2022	26B e 92A
Dona Olga Salgueiro Estévez	24/02/2022	42
Don Secundino Costas Alonso	24/02/2022	91
Dona María Beatriz Otero Abalde e don José Otero Portela	29/12/2021	3 e 115

A finca número 45 do parcelario non estaba incluída no proxecto de humanización da estrada de Porto, non obstante, a súa propietaria dona Purificación Vila Rodríguez ofrecera a súa cesión, xunto coa das parcelas núms. 29, 85, 46 e 90 do parcelario, si afectadas polas obras de humanización, e a cesión de todas estas, incluída a núm. 45, realizouse a virtude de convenio ratificado pola Xunta de Goberno Local na referida sesión de 10 de agosto de 2020 e asinado pola cedente o 18 de agosto seguinte. Desde xeito a finca núm. 45 do parcelario non incluída inicialmente no proxecto de humanización incluíuse no proxecto modificado núm. 1 do proxecto de humanización para mellorar a funcionalidade deste tramo da estrada.

9.- Os convenios urbanísticos citados foron sometidos ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo, do 2 de decembro de 2022), no Diario Oficial de Galicia (número 234, do 12 de decembro de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 13 de xaneiro de 2023, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, sen que no citado prazo se presentara escrito de alegación algún, segundo se fai contar na certificación do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, que figura no trámite 162 do expediente.

I.- Fundamentos xurídicos

Primeiro.- Os terreos cuxa cesión gratuíta se ofrece ao Concello de Vigo son terreos afectos a unha dotación pública, que cabe cualificar de sistema xeral, toda vez que se trata dun tra-

mo que forma parte dunha vía de titularidade provincial e, daquela, de uso xeral, que une os barrios de O Calvario e A Garrida e non esta destinada predominantemente para o uso dun polígono ou sector concreto.

Segundo.- O artigo 129.1 LSG, establece que: «1. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo».

Terceiro.- Segundo o artigo 167 LSG: «Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando a ordenación urbanística, se limiten á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivar modificación, alteración ou dispensa do planeamento». Así, os convenios urbanísticos de cesión obxectos do presente informe teñen por obxecto obter os terreos necesarios para a execución da estrada de Porto coa anchura prevista no vixente PXOU de Vigo e no PEMN Quintián, polo que teñen a natureza de convenio para a execución do planeamento.

Cuarto.- En canto ao procedemento a seguir para a formalización e perfección dos convenios de execución do planeamento, dispón o artigo 168 LSG que: «1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período mínimo dun mes.

(...)

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou ás persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente e deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto».

Quinto.- Tal e como vai dito, os convenios de referencia pactan unha cesión gratuíta a favor da Administración municipal, inexixible por esta no momento actual e para cuxa obtención habería de acudirse á expropiación, e como queira que as obras de contención e peche que se executan nos lindeiros coas parcelas matrices, das que se segregan as porcións que se ceden para a ampliación da estrada de Porto, resultan de necesaria realización xa pola adecuada execución, delimitación e defensa da estrada, xa por tratarse de peches existentes afectados pola cesión que se derriban para a ampliación da estrada e se volven a construír no linde desta o Concello de Vigo non experimenta prexuízo algún como consecuencia dos mesmos, antes ao contrario obtén gratuitamente os terreos.

Sexto.- Toda vez que no período de información pública dos convenios non se formularon alegacións, considérase procedente a ratificación dos mesmos polo órgano competente que é a Xunta de Goberno Local (artigos 127.1.d. LRBRL y 3.6 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo).



Concello de Vigo

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previa aprobación polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Ratificar os convenios urbanísticos de cesión que de seguido se relacionan:

ASINANTE/S	DATA SINATURA CONVENIO	PARCELA
Dona Osinda Alonso Costas, representada por don José Antonio Correa Alonso	27/10/2022	1B
Don Manuel Pérez Estévez e dona María Alba Alonso Novoa	26/10/2022	1A
Dona Sergia, don Emilio, don Celso e dona María Esther Abalde Bastos	10/05/2022	26B e 92A
Dona Yasmín Fernández Villar	22/03/2022	103
Don Guillermo Pérez Alonso	24/02/2022	61D e 63A
Don Aurelio Costas Prado e dona Marivel Bastos Figueroa	24/02/2022	89C
Dona Olga Salgueiro Estévez	24/02/2022	42
Don Secundino Costas Alonso	24/02/2022	91
Dona María Beatriz Otero Abalde e don José Otero Portela	29/12/2021	3 e 115
Doña Juana Abalde Bastos	22/04/2021	20
Don Ángel Costas Otero	22/04/2021	51
Don Benito Costas Comesaña	22/04/2021	82A
Don José Antonio Costas Comesaña	22/04/2021	100

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Terceiro.- Continúese coa tramitación dos expedientes.

Consta acordo favorable do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 29/03/2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Solicitud de subvención ante a Secretaría de Estado de Sanidade para o desenvolvemento do programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos/as do Concello de Vigo 2023/2024. Expte. 9702/336.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(497).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ANTE A SECRETARIA DE ESTADO DE SANIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONSUMOS ADITIVOS EN MENORES E MOZOS/AS DO CONCELLO DE VIGO 2023/2024. Expte. 9702/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 22/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/2023, asinado pola xefa de Xuventude, a concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Proposta de solicitude de subvención á convocatoria da Secretaría de Estado de Sanidade, por Resolución de 18 de mayo de 2023 de la Secretaría de Estado de Sanidad, por la que se convoca la concesión de ayudas económicas a corporaciones locales para el desarrollo de programas de prevención de las



Concello de Vigo

adiccións, con cargo al Fondo de bienes decomisados por tráfico ilícito de drogas y otros delitos relacionados

Dende a Concellaría de Xuventude propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación da presentación da solicitude de subvención á convocatoria anteriormente relacionada, en base aos seguintes parámetros:

PROGRAMA PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

1. Datos de identificación da Entidade solicitante:

Nome: Concellaría de Mocidade do **Concello de Vigo**

Domicilio: c/ López Mora, 31 – 36211 Vigo

Teléfono: 986 294 806

Correo electrónico: xuventude@vigo.org

Descrición dou programa:

Denominación dou programa: ***Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos/as do Concello de Vigo 2023/2024***

Custo previsto do programa : 642.857,14 €

Subvención solicitada :450.000,00 €

Achega municipal: 192.857,14 €

Porcentaxe da subvención solicitada sobre o custo previsto do programa (non poderá exceder 70%): 70%

É un programa de continuidade: Si.

En caso afirmativo, indicar en que anos se realizou e entidade outorgante da subvención: Dende o ano 1999 até 2023.

2.6 ACTIVIDADES A REALIZAR.

2.6.1. Breve explicación e descrición das actividades e adecuación e coherencia das mesmas en relación cos obxectivos e poboación destinataria.

O Programa de Lecer Alternativo para a prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo 2023/2024 foise adaptando, edición a edición, ás necesidades e intereses da poboación xuvenil da cidade e en cada vez reúne a un número maior de participantes.

Seguiranse incrementando as actividades formativas en horario de tarde, xa que se constatou unha maior afluencia de mozas que antes ocupaban este tempo con actividades extra escolares e que agora, debido á crise económica que afecta a todo o país, non poden custearse.

As actividades informativas e de prevención directa tamén se realizarán durante todo o **curso escolar** e dentro do horario lectivo **por parte do Plan sobre Drogodependencias e**

outras adicións para poder chegar a un maior número de mozos, nos seus respectivos centros de estudos.

No **período estival** reforzase cunha programación específica, **ampliándose o horario e o grupo de idades dos/as destinatarios/as**. Realizaranse actividades específicas por idades, en función do seu desenvolvemento evolutivo e os seus intereses, e cun marcado carácter preventivo. Nestas actividades, que serán sobre todo lúdicas, preténdese traballar hábitos saudables de hixiene, alimentación, igualdade de xénero, rexeitamento de consumo de drogas e tamén outros valores como a solidariedade, a responsabilidade, a participación, etc.

Nesta nova edición se reforzarán as actividades promovidas por colectivos xuvenís (concertos, xogos de rol, monólogos, cosplay, trivial freak...) así como as actividades relacionadas co achegamento de mocidade ao coñecemento da candidatura das Illas Cíes a Geoparque Mundial da UNESCO_ para a Educación, a Ciencia e a Cultura, que implicará visitas guiadas ás Illas Cíes de público xuvenil e onde se promoverán actividades saudables e de consumo responsable.

O Programa Xuvenil de Lecer Alternativo de Vigo para a prevención de consumos aditivos en menores e novos, pretende ser unha actuación global que parte da idea de poder utilizar o tempo de lecer dos e as mozas como un espazo para a integración social e o desenvolvemento íntegro das persoas ás que vai dirixido.

Este programa integra varias actuacións coordinadas pola Concellaría de Mocidade, e colaborando con outras áreas municipais como : Benestar Social, o Plan Local de Drogas, Igualdade, Deportes, Medio Ambiente, emprego e Cultura do Concello de Vigo, así como outras entidades relacionadas coa mocidade, que teñen unha serie de obxectivos e uns destinatarios comúns e que a través do traballo transversal trataremos de desenvolver unha serie de actuacións que consigan unha idónea estratexia de prevención .

As diferentes **actividades** serán **planificadas tendo en conta o desenvolvemento evolutivo, intereses e expectativas dos destinatarios así como a adecuación dos horarios ás características dos mesmos**.

Tamén se terá en conta a **experiencia e avaliación do programa en anos anteriores**, que facilitará a adecuación das actividades concretas ás necesidades dos/os usuarios/as e aos obxectivos do programa, así como as circunstancias da sociedade en cada momento.

Unha parte das actividades serán propostas polos mozos e mozas da cidade, ben sexa a nivel individual ou colectivo (agrupacións informais, asociacións ou colectivos xuvenís, vocalías xuvenís de asociacións veciñais, etc.).

É por iso que a programación xeral dará cabida a diversas actuacións que, á súa vez, dividiranse en bloques de actividades. Así, pois, podemos diferenciar:

Actividades de dinamización infantil e xuvenil en espazos municipais.

Espazos con actividades para nenos e nenas de 4 a 12 anos onde se traballan valores como: a igualdade, o respecto mutuo, o espírito crítico, o respecto ao medio ambiente, a s actitudes e hábitos de conduta saudables, a tolerancia, etc.



Concello de Vigo

Educación para a igualdade: traballando de forma transversal durante toda a práctica, a través de asembleas conxuntas, xogos de rol e xogos de confianza.

Educación para a saúde: tamén de ou de forma transversal durante toda a práctica, a través de hábitos de hixiene, narracións e as novas tecnoloxías.

Coidado do medio ambiente: mediante saídas dirixidas, trabállase a importancia da reciclaxe e o uso responsable da auga.

Actividades específicas no verán.-

Características.- Actividades de lecer preventivo e alternativo en período estival.

Realízase en instalacións municipais, espazos públicos, asociacións, pavillóns deportivos e, nas actividades que así o requiran, nas instalacións de entidades privadas.

Realízanse en período estival, de xuño a setembro. Dado o seu carácter preventivo, as actividades irán dirixidas a menores e a mozas, establecendo tramos de idades en función das necesidades, intereses, expectativas e desenvolvemento evolutivo.

Estas actividades serán sobre todo lúdicas, pero con compoñentes formativos, culturais, deportivos, musicais, ambientais e, sobre todo, con hábitos saudables e de valores positivos. Estas actividades tamén formativas, culturais, deportivas, musicais, artísticas, etc. e sempre de carácter preventivo con respecto ao consumo de drogas. Destacamos os seguintes bloques de actividades:

Actividades de prevención familiar, comunitaria e ambiental.-

Desenvolveranse actuacións de prevención estrutural ou ambiental que produzan cambios en diversas contornas físicas e sociais da cidade para favorecer comportamentos máis saudables na poboación, reducir o uso de drogas e outras condutas capaces de xerar adicción. Fomentárase tamén a prevención familiar, con programas específicos de socialización entre pais, nais e fillos, propiciando a mellora da comunicación, dado que a familia é un dos escenarios máis importantes para intervir en prevención.

a) Actividades deportivas e xogos.

Trátase de actividades que poidan funcionar complementaria e/ou substitutiva das actividades lúdicas. Organízanse espontaneamente por medio dunha liguiña, torneo ou cursos (cando o deporte para realizar así o precise). Potenciaranse as actividades físico-deportivas ao aire libre e as de auga. Propoñeranse diversos deportes colectivos (en función das instalacións), nos que se poidan incorporar criterios de entretemento, actividade física, integración de ambos os sexos, competitividade deportiva, etc.

b) Obradoiros.

Actividades a realizar en paralelo ás lúdicas e ás deportivas e xogos. O obxectivo final destes obradoiros é, a través dos seus respectivos centros de interese, fomentar a creatividade e a participación xuvenil.

c) Actividades culturais.

Ofertárase un abanico de actividades alternativas de carácter cultural. Saídas e visitas a lugares de interese na cidade forman parte deste bloque de actividades.

Por todo elo, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

1º.- “ A aprobación da solicitude dunha subvención de **450.000,00 €** para ou desenvolvemento do **Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo** dende xaneiro de 2023 ata 30 de setembro de 2024, sendo a achega municipal de **192.857,14 €** que representa ou 30% do custe total do programa.

2º.- Autorizar á Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude, M^a del Carmen Lago Barreiro, a asinar a solicitude de subvención ante o Ministerio de Sanidade”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez